

# ILUSTRACION, CENSURA E REIVINDICACION DAS MULLERES. VICENTE DO SEIXO (1747-1802)

XOSÉ LUÍS BARREIRO BARREIRO

Universidade de Santiago de Compostela

## 1. Introducción

Témonos ocupado, noutras ocasións, do proxecto emancipador dos ilustrados galegos en xeral<sup>1</sup>, e máis en concreto da figura de Martín Sarmiento —inseríndoo no marco da Ilustración española e galega—, nas súas dimensións filosófica, social e mesmo utópica<sup>2</sup>. No presente caso pretendemos achegármonos a outra figura significativa da Ilustración galega, só que o referente cáeseque exclusivo da súa actividade non vai ser Galicia de xeito explícito, senón Castela e algunha que outra provincia periférica. Vicente do Seixo —emigrado a Madrid e que vive na Corte desde os vintedous anos— deixa unha obra considerable, axustada ó moderantismo típico e xeral da Ilustración española, e mesmo un discurso reivindicativo das mulleres; obra alimentada no clima cultural das últimas décadas do século XVIII (últimos anos do reinado de Carlos III e primeira década de Carlos IV). Compre indicar, ademais, que toda a problemática da súa obra é reflexo directo das inquedanzas e obxectivos das Sociedades Económicas de Amigos do País, en concreto da Sociedade Económica Matritense, da que Seixo é socio de número a partir de 1792, data na que sae a luz pública o primeiro dos cinco volumes da súa obra (quizais a máis significativa) *Lecciones Prácticas de Agricultura...*<sup>3</sup>.

---

<sup>1</sup> Cfr. X. L. Barreiro/M. X. Crujeiras/M. Rivas, «Filosofía e Ilustración en Galicia», en *El pensamiento filosófico y político de la Ilustración francesa*, Universidade de Santiago, Servicio de Publicacións, 1992, pp. 303-330.

<sup>2</sup> «Martín Sarmiento na insuficiencia da Ilustración», Ponencia presentada no Congreso Internacional sobre Fr. Martín Sarmiento, Santiago, 1995, no prelo.

<sup>3</sup> *Lecciones Prácticas de Agricultura...*, 5 Vols., Madrid, Imprenta de Pantaleón Aznar, 1792-1795. O primeiro volume é presentado por Seixo como mérito para a súa admisión na Sociedade. No seu breve «currículum» consta ser tamén, máis tarde, socio correspondente da Sociedade Económica de Zaragoza e socio de mérito da de Valencia.

Os trazos máis sobresaintes da súa biografía —segundo o seu propio «curriculum vitae» e a copiosa documentación recollida por M<sup>a</sup> Luisa Meijide Pardo<sup>4</sup>—, son os seguintes: nace en Ourense no 1747, de familia fidalga; é bolseiro de Filosofía (Facultade de Artes) no Colexio de San Xerome da Universidade de Santiago de 1758 a 1760. No 1764 acada o grao de Bacharel en leis pola Universidade de Valladolid e o de Bacharel en Cánones pola de Salamanca en 1767. Exerce logo como pasante cos Licenciados D. Antonio Pedriza e D. Isidoro Rodríguez Yayo. No 1770, ós vintedous anos de idade, ocupa praza efectiva como oficial na Dirección e Contaduría Xeral da Renta de Lotería, posto no que presta servicios durante vintedous anos, ata 1792 —en que solicita o retiro por mor da súa saúde—. En Madrid, pois, vive, investiga e traballa. Entre as escasas ocasións nas que abandona dita cidade, merece salientar o seu traslado a Cuenca para se encargar interinamente daquela administración de Lotería, promovendo as vendas na capital e demais pobos da provincia. Pero precisa «... sin haber obtenido, por este servicio, ayuda de costa, sobresueldo, pensión, gratificación, remuneración, ni ascenso alguno»<sup>5</sup>. No 1789 comparte o posto de oficial da Lotería co de Contador, primeiro, e logo Secretario, dunha Compañía de Minas de cobre en Salamanca, creada daquela baixo Real Protección.

O resto dos anos, e o resto da súa vida, transcorre en Madrid ata 1802 (data do seu pasamento); vida certamente non exenta de determinadas angurias económicas e conflitos, como se pode colexir polas reiteradas solicitudes para acadar milloras de salario, para lle conseguir un posto de traballo ó seu fillo Vicente Pablo, instancias para editar obras da súa autoría ou traducións, especificando sempre nas licencias respectivas os beneficios das vendas (dez ou cinco anos, segundo se tratase de obras propias ou de traducións), preocupacións pola difusión e venda das mesmas, problemas de tipō familiar co seu irmán por mor do testamento paterno, que non acepta, problemas coa mesma Sociedade Económica Matritense e problemas coa censura.

Polo que respecta a súa produción bibliográfica temos constatadas, entre obras propias e traducións libres, vintecinco publicacións<sup>6</sup>, de índole varia,

---

<sup>4</sup> M<sup>a</sup> L. Meijide Pardo, *Vicente do Seixo (1747-1802). Reforma agrícola y emancipación de la mujer*, A Coruña, Fundación P. Barrié de la Maza, 1982 (en diante citaremos M. L. M. P.).

<sup>5</sup> M. L. M. P., *op. cit.*, Apéndices documentales, pp. 105 ss.

<sup>6</sup> *Ibid.*, pp. 49-103 (descripción de contidos). a) De temática moral-relixiosa: *El hombre interior en el paso de la agonía. Ensayos para el viaje de la vida eterna (tomados de las fuentes vivas de los Evangelistas, de los Apóstoles, de los Profetas y de los Santos Padres)*, 1788. *Defensa de la jurisdicción real y sus relaciones con la filosofía*, 1788. *Qué origen tuvo la tolerancia de que usa la Iglesia Romana con la Iglesia Griega*, 1788. *Instrucción moral, cristiana, política y social, sobre la que se forma la felicidad de un estado y la particular de cada vasallo, se afianza la educación de los hijos y asegura la prosperidad de una familia, sin diferencia de clases ni estados*,

agrupadas da forma seguinte: de temática moral-relixiosa (13 publicacións); de carácter agro-pecuario (10); de temática didáctico-militar (1); de carácter socio-educativo e reivindicativo (1). O predominio de obras de índole moral-relixiosa —aínda que moi plural—, coa que Seixo inicia a súa andaina publicitaria e que continúa presente ó longo de toda a súa vida, ten unha explicación lóxica (a parte de ser congruente coas ideas moralizantes da época): o medo á Inquisición, que lle condena unha obra sobre a orixe da tolerancia xusto no primeiro ano da súa aparición pública como escritor, obrigándoo a unha retractación expresa e a entrega dos libros non vendidos. As súas verbas de acatamento da sentenza dictada, e o seu espírito de submisión amosado, non deixan lugar a dúbidas:

1790. *Reflexiones cristianas y políticas sobre el estado religioso y el celibato comparado con el del matrimonio* (Tr.), 1790. *Rasgo de elocuencia vertido en Roma por el Arzobispo Nisibi a la familia de Carlos III* (Tr.), 1794. *Educación física y moral de los dos sexos* (Tr.), 1794. *Elementos para formar un hombre de bien en los diferentes estados de la vida civil* (Tr.), 1794. *El fruto de mis lecturas o máximas morales y políticas que compuso un francés, el P. D. Nicolás Jamin de la Congregación de S. Mauro, sacadas de varios autores profanos, a las que añadió sus propias reflexiones para instrucción de las personas en sus diversos estados. Publicala en nuestro idioma un apasionado deseoso del bien público* (Tr.), 1795. *La voz del Espíritu Santo sobre los hombres. Obra formada sobre las Sagradas Escrituras para consolar las almas afligidas, ordenada por los días del mes* (Tr.), 1796. *Ventajas de la sociedad fundadas en la religión cristiana, comprobadas con argumentos antiguos y modernos de la historia sagrada y profana, doctrinas de los Santos Padres y de los mejores teólogos, juristas y filósofos* (Tr.), Madrid, Pantaleón Aznar, 1797. *Recreaciones y desahogos del hombre sensible, sucesos verdaderos, ejemplos sublimes, heroicos y virtuosos, conformes a las máximas de la sana filosofía y de la religión para las personas de todos los estados. Obra que escribió en francés el sabio Mr. Arnould, intérprete de los sentimientos de la naturaleza y filosofía del corazón, por B.D.V.D.E.S., Madrid, Pantaleón Aznar, 1798. Memorias históricas del ministerio del púlpito. Su autor el Excmo. y R. P. Fr. Manuel del Cenáculo, obispo de Beja, Socio de número de la Real Sociedad de Madrid. Dalas a luz Tomás Albán, Madrid, Benito Cano, 1804. b) Agro-didácticas: *Disertación sobre las virtudes de la planta llamada carqueixa, del P. Sarmiento, 1786. Carta lacónico-crítica y erudita a su amigo el diarista, 1786. Pactos, convenios y contratos mercantiles en que se demuestran sus varias relaciones sobre algunos puntos del Estado, Real Hacienda, comercio terrestre y marítimo* (Tr.), 1788. *Inspección de todos los tribunales de España e Indias y Juzgados de Corte, su jurisdicción, casos y causas y a donde corresponden sus apelaciones* (Tr.), 1791. *Lecciones Prácticas de Agricultura y economía que un padre da a su hijo para que sea un buen labrador en cualquier país del mundo, tomadas de las mejores memorias que han publicado las academias y sociedades de toda Europa y acomodadas a la situación actual de España, 5 Vols., Madrid, I. Pantaleón Aznar, 1792-1795. Compendio de observaciones que forman el plano de un viaje político y filosófico que debe hacerse dentro y fuera del reino en que nacemos y luego por la Europa y demás partes de la tierra, por el bachiller en ambos derechos Don Vicente del Seixo, socio de número de la Real Sociedad Económica de Madrid, 1796. Demostración sobre la decadencia de nuestro comercio, artes e industria; su restablecimiento por medio de la agricultura, único manantial de la abundancia y felicidad, sin gravamen del Erario ni de los pueblos. Memorial dirixido a Carlos IV e que sae á luz pública co título: *Reflexiones sobre los progresos de la Agricultura y la pastoría; falta de cultivos en tierras, artes, industria y comercio y sobre la necesidad de Lecciones agrarias***

«Yo me hago el honor de titularme hijo de la Iglesia Católica y espero que por esta confesión el Santo Tribunal, a quien venero y a cuyas decisiones me someto plenamente convencido de cualquier error a que me haya guiado una ignorancia voluntaria, me hará la justicia que espero de su verdad»<sup>7</sup>.

De aquí en diante, o seu espírito, xa moderado de seu, vai experimentar un freo, un medo permanente, facendo realidade no seu comportamento a expresiva sentenza do Don Quixoto: «con la Iglesia hemos topado, amigo Sancho». Por mor deste incidente, que marcará a súa traxectoria posterior, calquer tipo de aproximación a actitudes xansenistas ou a posicionamentos dun «cristianismo ilustrado», veríase afogada xa desde os seus inicios. Pero, ademais do medo á Inquisición, é preciso considerar tamén o desencanto producido pola falta de acollida positiva á súa obra. Nas verbas de agradecemento dirixidas á Sociedade Económica Matritense, por mor do seu ingreso como socio de número, confesa: «Conozco el dolor que causa ver ridiculizados los trabajos mentales, abatidas nuestras ideas más queridas y la amargura que lleva consigo el desencanto de los errores»<sup>8</sup>. Posiblemente, a censura previa, ou a avaliación posterior dalgunha

---

*en lugar de las que hoy se practican en las escuelas del Reyno, 1797. Tratado práctico o pastoría de las colmenas. Medios fáciles de aumentar los colmenares: su gran utilidad con respecto al propietario y al Estado; situación en que deben hacerse; cómo han de sacarse los nuevos enjambres, 1798. Obras póstumas de economía agro-pecuaria: Cartilla de labradores. Las delicias del campo y ocupaciones de una digna esposa. Cría, plantación y cultivo de olivos. Experimentos de Agricultura y análisis químico-agronómico de los medios más convenientes de beneficiar las tierras. Fomento y cría de ganados y aves domésticas, conocimiento de sus enfermedades y medio de curarlas. Modos de salar las carnes y beneficio de la leche, manteca y queso, 1798. Plano de un periódico de índole económica (de Agricultura), 1799. c) Temática didáctico-militar: Ensayos políticos, científicos y militares sobre la instrucción y estudios de la juventud española, 1798. d) Temática socio-educativa e reivindicativa: Discurso filosófico y económico-político sobre la capacidad o incapacidad natural de las mugeres para las ciencias y las artes; y si en razón de su constitución, o por defecto de su potencia intelectual, y organización física, deben o no tener otras ocupaciones que las de la rueca, calceta y aguja, como pretenden algunos hombres, o deberá dárseles otra educación que la que se las da actualmnte, y cual sea ésta, Madrid, Impr. Repullés, 1801.*

<sup>7</sup> M. L. M. P., *op. cit.*, pp. 76-77, nota 93. Na declaración procedente, diante de J. Martínez Nubla y A. de Ceballos y la Riba, consta a súa comparecencia diante do Tribunal, escoita «con submisión e respecto» a resolución, entrega os exemplares que lle quedaban de dita obra e manifesta «haber procedido con inadvertencia, y que sólo deseaba acreditar que era católico, apostólico, romano y que, como tal tendría y guardaría observancia constante en cuanto el tribunal ordenara». Agradecemos ó Prof. M. González Fernández o ternos facilitado copia completa do proceso, sentenza e texto da obra condenada (A. H. N., Inquisición, Leg. 4500, n. 5).

<sup>8</sup> M. L. M. P., *op. cit.*, pp. 113-114. Frente ó mito dos ilustrados españois que —segundo Menéndez Pelayo— aparecen como heterodoxos, volterriáns, enciclopedistas, deístas e alleos a todo espírito relixioso, o interese suscitado ultimamente polo século das Luces axudou a clarexar, tanto a súa actitude como a dos políticos. «Sólo las monografías han restablecido de manera definitiva la profunda religiosidad de nuestros ilustrados: Mayans, Campomanes, Meléndez Valdés, Cañuelo, Jovellanos...» (A. Mestre, «La actitud religiosa de los católicos ilustrados», en A.

das súas publicacións non colmou as expectativas de Vicente do Seixo. Ademais do informe contundente do Conde de Cabarrús, que censura unha obra de Seixo (*Pactos, convenciones y contratos mercantiles...*) ó tildar o orixinal de «obscuro, confuso y mero recopilador de textos, autoridades y racionios alambicados», rexístranse outras apreciacións que xulgan a súa obra como carente de orixinalidade e profundidade, deslabazada, reiterativa, pesada, meramente recopiladora, etc. A mesma Sociedade Económica Valenciana emite un xuízo evasivo, ou alomenos ambiguo verbo da mesma. Dunha banda non quere cuestionar a orixinalidade das obras presentadas («... pues así debe creerse de buena fe, pues lo asegura»); pero, doutra, dubida sobre o cumprimento dos Estatutos se se acepta como mérito unha obra impresa xa fai sete anos (estáse a referir ás *Lecciones Prácticas de Agricultura...*)<sup>9</sup>. O mesmo autor adopta unha actitude ambivalente respecto a súa propia obra: ás veces, reconece explicitamente o carácter recopilador da mesma; carácter reflectido expresamente no subtítulo aclarativo das *Lecciones Prácticas de Agricultura*: «Tomadas de las mejores Memorias que han publicado las Academias y Sociedades de toda Europa, y acomodadas a la situación actual de España»<sup>10</sup>. Pero, outras veces, á hora de remitir propaganda mediante anuncios xornalísticos, a autovaloración é moi distinta: «... La Nación Española es la única que tiene la satisfacción de poseer una obra tan completa en la materia y de la que han carecido los siglos que nos han precedido... Esa obra forma el Código Elemental de la Agricultura de todas las Naciones, sobre los conocimientos que han publicado los hombres más sabios desde el siglo primero hasta nuestros días... En su devastación, análisis y experimentos ocupé 11 años, para manifestar cuanto abraza generalmente la Agricultura de granos y forrajes, aquellos para que los hombres tengan pan, y éstos para que los ganados en ningún tiempo carezcan de pastos por medio de prados artificiales»<sup>11</sup>.

Resta puntualizar que o mencionado carácter utilitario-pragmático do saber

---

Guimerá [Ed.], *El reformismo borbónico*, Madrid, Alianza Editorial, 1996, pp. 147-163). E no caso concreto, como expoñente desta relixiosidade, J. M. Caso González, *De Ilustración y de ilustrados*, Universidad de Oviedo, 1988, especialmente o capítulo «Jovellanos y la nueva religiosidad», pp. 335-354.

<sup>9</sup> Seixo solicitaba a admisión como socio correspondente, que non existía en dita Sociedade; si existían as categorías de socios de mérito —reservada para obras non impresas e submetidas a examen— e de socio honorario, para a que se consideraba o talento, instrucción e utilidades para a Sociedade —neste último caso procede nomealo socio honorario—. Cfr. texto completo do informe en M. L. M. P., *op. cit.*, pp. 136-137.

<sup>10</sup> *Lecciones Prácticas de Agricultura...*, I, 1792. No *Compendio...* (1796) afirma: «Yo no haré más que compilarlas» (estase a referir a determinadas normas propostas pola Academia de Ciencias de Lisboa, p. 229).

<sup>11</sup> Cfr. en M. L. M. P., *op. cit.*, cartas e textos de anuncios dirixidos ó *Diario de Madrid*, *Correo de Murcia* e *Seminario Erudito y Curioso de Salamanca*, pp. 120-121, 165-167.

é consonte á «nova Agricultura» e a nova concepción do saber na súa dimensión pragmático-social e emancipatoria, presente nos obxectivos fundacionais das Sociedades Económicas de Amigos do País, na praxe dos seus socios máis representativos e na literatura agraria daquela época. Neste cambio de orientación do saber, xa desde a metade deste século (e mesmo antes con Feijóo no seu discurso sobre a agricultura no 1739), aparecen en España espíritos críticos que se liberan da dominación relixiosa tradicional, procuran a explicación dos fenómenos naturais sen recursos ás hipóteses relixiosas, senón baseándose na observación e na experimentación, e tratan de incorporar —no caso da agricultura— as innovacións e milloras técnicas e experimentais xa acadadas noutros países de Europa. Neste sentido, a obra de Jethro Tull, citada por Seixo, *The principles of horsehoeing husbandry, or an essay on the principles of tillage and vegetation*, de 1731, traducida e adaptada a Francia por H. L. Duhamel de Monceau —*Traité de la culture des terres suivant les principes e Mons. Tull anglois*, traducida á súa vez ó español no 1751—, tivo unha considerable influencia sobre os tratadistas agrarios da época e sobre a elaboración dos informes agrarios.

Só unha nota final, para rematar este deseño biobibliográfico, relativa ás fontes de inspiración e á súa base experimental. Vicente do Seixo non adoita ser nin explícito, nin completo, nas referencias ás Memorias e obras consultadas. Cita Memorias das Sociedades de Lisboa, Berlín e Prusia; cita, en calidade de exemplos, países como Grecia, Exipto, Gran Bretaña, Irlanda, Suecia e Francia; cita cantidade de provincias de Inglaterra, Irlanda, Francia e Italia; cita provincias e países nos que se teñen realizadas determinadas experiencias agrarias; fai referencia, asemade, a autores de nacionalidade e especialidades diversas: químicos, como Wilhelm Homberg; agrónomos, como Alonso Herrero e Jethro Tull; naturistas como G. L. Buffon, Vandeli e Bowler; botánicos como Philip Miller; médicos como Jean Astruc, Hermann Boerhaave, Friedrich Hoffmann, William Buchan; xurisconsultos e políticos como Bielfeld, Gaetano Filangieri; feministas como Joly de Saint Valier; e outros non doados de identificar. Entre os antigos menciona a Plinio, Varrón, Plutarco, Virgilio, Columela; entre os filósofos a Sócrates, Platón, Aristóteles e Locke; e entre os autores relixiosos a San Pablo, Santo Agostiño, Santo Ambrosio, San Xerome e mesmo a Mahoma (en calidade de fundador dunha relixión). Con iste relatorio, de nomes e de especialidades, entre agrónomos e botánicos, Vicente do Seixo semella situarse entre as dúas etapas da «nova agricultura». A primeira corresponde ó momento de esplendor do movemento ilustrado. O grupo director está constituído polos membros da clase de Agricultura das Sociedades Económicas de Amigos do País, que promoveu a tradución e edición das obras máis importantes dos agrónomos ingleses e franceses (Tull, Duhamel, Patullo), preocupáronse, asemade, da elaboración dunha lei agraria, que deu como resultado o *Informe de*

Jovellanos ó respecto. A segunda etapa corresponde ó cambio de século, que supón a substitución dos agrónomos por unha nova clase dirixente: a dos botánicos, que mesmo supoñen un cambio na aplicación das técnicas agrarias ó monocultivo cerealista, fronte ó policultivo e a economía de subsistencia familiar, bastante usual no sistema da agricultura anterior. Se ben é certo que «... el cambio de enfoque ... obedeció a otros factores, y muy principalmente al cambio de grupo dirigente de una entidad de la importancia de la Sociedad Económica, de la que desaparecieron los ilustrados progresitas y tomaron su lugar los ilustrados 'tecnócratas' o conservadores. Igual que en la introducción de otras teorías, la 'nueva agricultura', si bien penetró con cierta celeridad, fue asimilada tarde, mal y parcialmente. Con el énfasis puesto en algunas mejoras de tipo científico-técnico únicamente, y con una intencionalidad más bien conservadora, ya que debía beneficiar a propietario y a labrador a la vez, aunque como siempre, en un sistema de Antiguo Régimen, los beneficios era difícil que se distribuyesen de forma uniforme» (E. Lluch/L. Argemí, 1985, 38-43).

Pois ben, por medio destas fontes (memorias e obras especializadas) chégalle a información a Seixo; información usual tamén nos autores contemporáneos de Seixo que se ocupan da mesma temática. Neste sentido afirma Sánchez-Blanco Parody —ó constatar que no Século das Luces a actividade intelectual e as discusións filosóficas sáense das Universidades e Conventos— que o Rector de Sevilla advírtelle ó Rector de Osuna sobre as innovacións introducidas polo grupo de Sevilla, sendo as súas fontes Descartes e outros holandeses e ingleses. Seguramente estábase a referir ós máis coñecidos partidarios da ciencia experimental, Boerhaave en Holanda e Francia, e Robert Boyle e Isaac Newton en Inglaterra<sup>12</sup>.

Polo que atinxe á base experimental, Vicente do Seixo precisa con certo énfase que durante once anos percorrou afondar e analizar, a forza de duros traballos, meditacións e experimentos, todo canto corresponde ó obxecto da Agricultura. Pero, polo tratamento dos temas —segundo o propio discurso seixano e polo pouco que sabemos das súas tarefas e traballos de tipo experimental—,

---

<sup>12</sup> F. Sánchez-Blanco Parody, *Europa y el pensamiento español del Siglo XVIII*, Madrid, Alianza Universidad, 1991, p. 35. Ademais afirma: «Los textos de la restauración carolina —hablar de reforma sería impropio— son el de Boerhaave en medicina y el de Jacquier para la filosofía. Ambos tienen ya casi medio siglo de antigüedad y responden a los primeros intentos de integrar el experimentalismo y la mecánica newtoniana, pero en ningún modo reflejan el lado de la ciencia europea en la segunda mitad del Siglo de las Luces... Si el gobierno ilustrado de Carlos III es tímido y ecléctico en su política universitaria, los profesores escolásticos de Salamanca no están dispuestos a ningún tipo de compromiso con la modernidad... Ya en el reinado de Carlos IV G. M. de Jovellanos desarrolla un programa más claramente inspirado en Locke y Condillac en la *Memoria sobre la educación pública o tratado teórico-práctico de enseñanza, con aplicación a las escuelas y colegios e niños*» (pp. 132-133).

cabe dubidar se os experimentos dos que fala foron realmente realizados por él mesmo. Tendo en conta o carácter recopilador de Memorias semella que os experimentos ós que fai referencia son experimentos relatados (nas diversas Memorias, ou por outros autores). Outra cousa distinta é a experiencia que provén da observación directa e das viaxes que puido ter realizado directamente (p. e., a experiencia política e filosófica do viaxeiro que observa os tres reinos da natureza).

## 2. A Sociedade Económica Matritense, unha institución da Ilustración

A nivel xeral, e particular, téñese estudiado e confirmado a creación das Sociedades Económicas no ámbito da Ilustración, pero á marxe das institucións universitarias<sup>13</sup>. Agora ben, a Ilustración non responde a un modelo homoxéneo e uniforme, senón a un modelo heteroxéneo, polo que se poden diferenciar modelos diversos (francés, inglés, alemán, italiano, español e mesmo galego). Pese a todo, compre suliñar —mantendo sempre as diferencias— a situación de atraso na que se atopa o noso país nos eidos da agricultura, da industria, do comercio, das vías de comunicación e, finalmente, da educación; tamén é preciso salientar a crenza na forza da razón e na capacidade transformadora da educación. Atraso no que incidiron os fisiócratas, aínda que con escasa eficacia, desde un punto de vista operativo, xa que a difusión da «nova agricultura» tivo lugar por medio de traducións de obras francesas e inglesas, e os agrónomos (fisiócratas) do noso país fixéronse eco destas novidades, pero no seu intento de difusión foron moitas veces voces que clamaron no deserto<sup>14</sup>. Por isto, as propostas de solución á problemática indicada no acadaron siquera o carácter de reforma, sendo máis exacto falar de restauración, por se situar máis próximas ás estruturas do Antigo Réxime que ás innovacións configurantes da modernidade.

---

<sup>13</sup> Cfr. X. L. Barreiro, «As bases materiais do pensamento ilustrado», en *Filosofía e Ilustración en Galicia* (a. c., primeira parte, pp. 303-312).

<sup>14</sup> E. Lluch/L. Argemí, *Agricultura y fisiocracia en España (1750-1820)*, Valencia, 1985. Respecto ás *Lecciones Prácticas* pensan que, «si bien recogían algunas de las Memorias que Rozier había recopilado, es aún una obra anclada en los viejos sistemas», (p. 22, nota 50). Pero entre as obras de tipo xeral publicadas en España, L. Argemí cita logo (*Agricultura e Ilustración* —Antología del pensamiento agrario ilustrado—, Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, 1988, p. 32) as de V. Vidal y Cabasés e de Vicente do Seixo, se ben considera que a deste é pouco novidosa no seu contido. Extracta, baixo o epígrafe «La vieja agricultura con sordina: Vicente de el Seixo», pasaxes de *Reflexiones sobre los progresos de la agricultura* (pp. 119-121), e respecto ás *Lecciones Prácticas* volta a observar que «son una obra completa, aunque con pocos elementos de una nueva agricultura» (p. 46).

Neste preciso contexto de moderación, de non rachamento coas estruturas do vello réxime, nin de enfrontamento coas institucións monárquicas ou eclesiásticas, hai que entender as propostas reformadoras/restauradoras, desde a situación concreta da realidade española<sup>15</sup>; e para o seu coñecemento, na etapa que estamos a rememorar —segunda metade do século XVIII—, son fundamentais dúas obras de R. Campomanes: *Discurso sobre el fomento de la industria popular* (1774) e *Discurso sobre la Educación Popular de los artesanos y su fomento* (1775). Precisamente un dos conductos principais para o cambio mental, económico e social —dentro dos límites permitidos— é o pulo da reforma educativa, en concreto, dun tipo de educación vehiculada á función das Sociedades Económicas de Amigos do País<sup>16</sup>. Nos Estatutos da Matritense —que é a que realmente nos interesa, por se tratar do marco seixano de referencia— defínense claramente os seus obxectivos: promover e producir memorias tendentes á millora da industria popular, dos oficios, das artes, e das máquinas; fomentar a agricultura, a cría de gando e os seus derivados; publicar os estudos relativos ás tres clases de agricultura, de industria e de artes; establecer premios para os traballos máis importantes na área da agricultura e da gandería; dar noticia dos progresos acadados nas tres clases da institución e, asemade, realizar memorias dos adiantos conseguidos noutras provincias de España, e mesmo do estranxeiro, etc.<sup>17</sup>.

Con estes obxectivos, a Sociedade Económica Matritense —e a parte máis representativa dos seus membros— sitúase, desde o punto de vista económico-social, nunha liña de transición entre o mercantilismo e o fisiocratismo. Para calibrar millor a aportación do pensamento seixano en temas agro-pecuarios fundamentalmente compre sintetizar as ideas principais destas dúas teorías económicas, comezando polo mercantilismo, que ten vixencia nos séculos XVI, XVII e XVIII. Preocúpanse os mercantilistas polos problemas do seu propio país en xeral e polo incremento da riqueza do seu Estado. Este debe ser rico para ser forte. A felicidade dos cidadáns sitúase nun segundo plano. Otórganlle grande importancia ós metais preciosos, pero sen identificar a riqueza coa cantidade destes metais, se ben sosteñen que a abundancia de diñeiro aumenta

---

<sup>15</sup> Neste preciso contexto plantexa O. Negri (*Ilustración y Educación. La Sociedad Económica Matritense*, Madrid, Ed. Nacional, 1984) o tema da decadencia do país nos seus diversos aspectos e niveis. Para atallar a situación e arbitrar solucións adecuadas era necesario coñecer en profundidade a realidade e as súas causas (importación de manufacturas; atraso da agricultura, artes e oficios; ancestralismo gremial, etc.).

<sup>16</sup> A Sociedade Económica Matritense constiúese o 25-7-1775. O primeiro director foi D. Antonio Quadra. Entre os seus membros sobresaen R. Campomanes, G. M. de Jovellanos, Conde de Cabarrús e Sempere y Guarinos. Destes autores proceden algúns escritos básicos do pensamento ilustrado español.

<sup>17</sup> Cfr. Estatutos, en O. Negrín, *op. cit.*, pp. 43-59.

a riqueza do país. Para incrementar a cantidade de metais preciosos dun país, que non posúa minas propias, é necesario obter unha «balanza mercantil favorable», é dicir, o Estado debe procurar que as exportacións de materias e produtos sexa superior en valor ás importacións. A este fin, debe establecer impostos e/ou prohibicións para determinadas importacións e, viceversa, para as exportacións dalgunhas materias. Propoñen medidas encamiñadas a favorecer as industrias e o comercio do país, mentres que a agricultura queda nun segundo plano —entre outras razóns, pola dificultade e custe de transporte dos produtos dela derivados<sup>18</sup>.

O fisiocratismo, pola súa banda, formula as seguintes teses básicas: a finalidade da ecomomía e da riqueza dun país é o benestar e a felicidade de toda a poboación. O Estado non debe intervir nos procesos económicos, porque éstos posúen as súas propias leis naturais, análogos ás dos fenómenos físicos, químicos e biolóxicos (o lema era: «*laissez faire, laissez passer. Le monde va de lui-meme*»). Sinten entusiasmo pola agricultura —seguramente as ideas de Quesnay están presentes nesta concepción: as leis naturais que rixen a vida agrícola, suxiren por analoxía a existencia dunhas leis económicas semellantes—. En conformidade co primado da agricultura defenden a doutrina do «producto neto», que se traduce na afirmación segundo a que a terra é a fonte ou a materia da que se obtén a riqueza. Neste sentido para Quesnay só a agricultura e a minería —e o que en xeral se poden nomear «industrias extractivas»— son verdadeiramente productivas, en canto producen novos valores e novas riquezas, mentres que a industria e o comercio son útiles e indispensables, pero non producen novos valores; en consecuencia, son estériles. Só se limitan a transformar os valores producidos pola agricultura. De aí provén a división da sociedade en tres clases: a productora (os gricultores e os extractores das minas); a estéril (que corresponde ós artesáns, industriais, comerciantes, profesionais liberais); e a disponible (a dos propietarios da terra, dos administradores do Estado, do Goberno, dos funcionarios). Lóxicamente esta división, sobre todo pola clasificación e adscripción da clase estéril, foi moi controvertida. Finalmente, afirman que o imposto debe ser único e sobre o producto neto, xa que, en último término, os impostos páganse co producto neto da terra, porque é o único valor novo que realmente se crea; a industria e o comercio non poden pagar impostos porque non crean valores. O que producen equivale xustamente ó que consumen<sup>19</sup>.

Na situación intermedia, ou de transición dunha teoría á outra, atópanse membros significados desa Sociedade como R. Campomanes a G. M. de Jovellanos. Este en particular, no *Informe sobre la ley agraria* (1794), estruturado en tres partes (que se ocupan respectivamente dos atrancos que se opoñen ó

<sup>18</sup> L. Beltrán, *Historia de las ideas económicas*, Barcelona, Teide, 3ª ed., 1976, pp. 221-225.

<sup>19</sup> *Ibid.*, pp. 78-81.

adianto da agricultura derivados da lexislación, dos atrancos derivados da opinión-tradición, e da propia natureza física), sostén que a agricultura sempre está nun estadio natural tendente a súa perfección; as leis só poden, e deben, favorecer á agricultura, estimulando dita tendencia. Pero, para acadar ista finalidade, é preciso remover os diversos tipos de atrancos mencionados. A. del Río —estudioso do pensamento de Jovellanos— capta de forma sintética o sentido, o obxectivo do *Informe* e mesmo o eclecticismo do pensamento de Jovellanos ó respecto nos seguintes termos:

«Quizá más que en el aspecto histórico es importante el *Informe* por sus doctrinas económicas, al aplicar y trasplantar a España las ideas fisiocráticas de Quesnay y Turgot y las del naciente liberalismo inglés. De los fisiócratas franceses toma uno de los principios centrales del Informe y de toda su concepción económica: el de que la tierra es la fuente fundamental de toda riqueza; de Adam Smith y su escuela proviene el proclamar como propiedad sagrada la propiedad del trabajo. De unos y otros, fisiócratas franceses y economistas ingleses, toma la otra idea que con las anteriores forma la base de toda su teoría económica: la necesidad de una libertad casi absoluta en los agentes de la agricultura, la concepción del Estado más como entidad vigilante que como director del interés privado»<sup>20</sup>.

### 3. Vicente do Seixo na problemática da Ilustración

O cadro precedente, no que se deseñaron os obxectivos e trazos xerais dos persoeiros máis sobresaintes da Sociedade Económica Matritense, permítenos

---

<sup>20</sup> G. M. Jovellanos, *Informe sobre la ley agraria. Espectáculos y diversiones públicas*, 2 Vol., Madrid, Espasa-Calpe, 1971 (edición, introducción e notas de Anxo del Río). O Informe estrutúrase en tres partes: a primeira ocúpase dos atrancos que se opoñen ó adianto da agricultura derivados da lexislación; a segunda, dos atrancos derivados da opinión (das malas prácticas e técnicas, e para correxilos propón a elaboración dunhas cartillas rústicas, coa finalidade de instruír e introducir as milloras convenientes); a terceira, ocúpase das infraestructuras. A división foi exitosa no seu tempo, pois outros autores desenvolveron as súas propias teorías (agronómicas) partindo de Jovellanos —p. e. o Conde de Cabarrús en *Cartas sobre los obstáculos que la naturaleza, la opinión y las leyes oponen a la felicidad pública*, 1808.

O aspecto fisiocrático, polo que respecta ó poder da terra, refléctese claramente tamén na seguinte pasaxe de P. de Olavide: «Todo país en que la Agricultura no florece será siempre desdichado, porque con ella todas las artes se fomentan y adelantan, y sin ella todas se debilitan y pierden... La Agricultura es el primero y más importante fundamento de la felicidad pública, como que de ella depende no sólo la vida y la tranquilidad de los hombres, sino también el comercio y las artes, y todo lo que contribuye a dar fuerza y respeto a una potencia, y es también la que hace el placer, las delicias y abundancia de sus individuos» (*El evangelio en triunfo o Historia de un filósofo desengañado*, Vol. IV, Valencia, 1797, pp. 146,151). Sobre o obxectivo e a técnica e construción/composición desta obra, M. Benítez, «Los sueños de la razón engendran monstruos: El evangelio en triunfo de Pablo de Olavide», en *Carlos III y la Ilustración*, Vol. III, Madrid, Ministerio de Cultura, 1989, pp. 199-225.

inserir o perfil biobibliográfico de Vicente do Seixo e a súa variada obra na problemática xeral da Ilustración. Deixando á marxe da nosa consideración a súa preocupación pedagóxico-relixiosa, vertida en estudos específicos, compre indicar que co gallo do seu ingreso efectivo —non certamente glorioso<sup>21</sup>— no 1792 na antedita Sociedade, comeza realmente a actividade seixana no ámbito da mesma, adscrito á clase de agricultura. A partir desta data moverase no mesmo contexto vital, histórico, cultural e problemático que o dos outros socios e persoeiros contemporáneos. Unha simple datación biográfica confirma a coincidencia temporal: P. de Olavide (1723-1803); R. Campomanes (1723-1803); Conde de Cabarrús (1725-1810); M. G. de Jovellanos (1744-1811); V. do Seixo (1747-1802); Sempere y Guarinos (1754-1830)... A simple coincidencia cronolóxica, unida a convivencia circunstancial, posibilita a comprensión da figura seixana e da súa obra nas súas vertentes e actitudes fundamentais:

- Dimensión política: o regalismo.
- Dimensión económica: o fisiocratismo.
- Dimensión sociolóxica: a reivindicación das mulleres.
- Dimensión utópico-social.
- A súa relación con Galicia.

### 3.1. Dimensión política: o regalismo

No primeiro ano da súa aparición pública como publicista (1788), Vicente do Seixo dá á luz tres obras de índole relixiosa; dúas delas significativas por canto unha define o seu posicionamento regalista, e outra que lle ocasiona un conflito directo coa Inquisición. Estámonos a referir á *Defensa de la jurisdicción real*, e a *Qué origen tuvo la tolerancia de que usa la Iglesia Católica con la Iglesia Griega*. Na primeira delas, Seixo expón, con excesiva precaución, o seu ideario político. Vexamos: o concepto de regalía, en canto dereito exclusivo (de dominio) do soberano, ven experimentando desde a Idade Media e ó longo do tempo diversas mutacións e acepcións: dereito de posesión, de percepción e disposición de determinados bens, considerados privados da coroa (p. e. de terras desertas, de bens comúns, de augas, de montes, de minas, de papel selado, de acuñación de moeda, de administración da xustiza, de presentación de cargos eclesiásticos, de percepción de prebendas, etc.). Todas estas atribucións, sobre

---

<sup>21</sup> Despois da demisión de Floridablanca como director da Sociedade, produciuse un período vacante durante o que se debate a admisión de cinco socios máis, entre eles Vicente do Seixo. Pero, nesas circunstancias, non se sabía se era correcto plantexar a admisión de novos socios. Parece que a reunión foi encrespada, e a aceptación —ó non se producir por unanimidade— non foi certamente gloriosa.

todo as de tipo económico, víronse incrementadas nos tempos modernos cos dereitos de intervención nas mesmas propiedades eclesiásticas. De aí derivan xustamente os termos *regalía* e *regalismo* para indicar a política de intervención no relixioso por parte dos monarcas absolutistas para controlar o poderío económico da Igrexa (tanto de Roma, como dos bispos, como dos mosteiros). Se ben dita política obtivo teorizacións diversas desde o Renacemento, é sobre todo a partir do século XVIII cando acadada un maior nivel de reflexión e de consolidación teórica. Para o caso que nos ocupa, abonda indicar que, no preciso momento vital de Vicente do Seixo, R. Campomanes publica, no 1765, o *Tratado de la Regalía de amortización*; estudio histórico, xurídico, e mesmo comparado con lexislacións doutros países, do problema da adquisición de bens raíces por parte da Igrexa, e dos prexuízos que a mencionada adquisición conleva para a masa da poboación. Os datos cuantificados o ano anterior (1764) para Castela-León proporcionan os seguintes resultados: a terceira parte da riqueza total está en mans eclesiásticas, que supoñen só un 2,5% da poboación global. Diante desta desproporcionalidade non é estrano que a loita xurídico-ideolóxica entre regalistas e anti-regalistas (os eclesiásticos con diversos apelativos) encha de conflitos boa parte do século XVIII. Pese ós concordatos de 1736 e 1753 o regalismo como corpo doutrinal coherente vaise consolidar nos reinados de Carlos III e de Carlos IV. Compre observar, non obstante, que a Inquisición, pese ó pao que recibe no 1767 coa expulsión dos xesuítas, e pese ós intentos de reducir a súa influencia (e mesmo de abolila), segue amosando a súa presenza e a súa efectividade; proba delo é o famoso «autillo de Olavide», e a condena da obra de Seixo sobre a orixe da tolerancia da Igrexa Romana; condenas producidas as dúas no 1788. Pero non só son estes os autores afectados polas sentencias da Inquisición, senón tamén outros persoeiros salientados ó longo deste discurso; tal é o caso de Jovellanos<sup>22</sup>. Vicente do Seixo, pola súa retracción e reafirmación da fe, evitou represalias maiores, ademais de non resultar sospeitoso de defender unha interpretación xansenista ou racionalista do cristianismo. En concreto, na obra que estamos a considerar, intuindo o que lle podía vir enriba —de se pronunciar claramente contra dos intereses da Igrexa—, apúntase timidamente á postura regalista, que latexaba no ambiente ilustrado da época (lembramos a R. Campomanes e Jovellanos), postura que era propiciada pola política do despotismo ilustrado, política coa que Seixo pretendía manterse congraciado, e así acadar algún que outro beneficio; pero o seu pro-

<sup>22</sup> «Los dos (Olavide e Jovellanos) —observa Abellán— sufrieron persecución inquisitorial, y probablemente por la misma razón última, es decir, por su interpretación jansenista del cristianismo» (*Historia crítica del pensamiento español*, III, Madrid, Espasa-Calpe, 2ª ed., 1988, p. 615). Cfr., asemade, «Los procesos de Jovellanos y Urquijo», en Caso González, *op. cit.*, pp. 395-421.

nunciamento é moderado. Deste xeito vai tecendo un discurso precavido: se cadaquén cumprise coas súas obrigas, non serían precisas leis coactivas. Pero ese estado natural de inocencia e liberdade —rememorando a Rousseau— foí corrompido polas falcatruadas dos homes. Velaquí, pois, a necesidade e a orixe da autoridade, da lei, da orde e o goberno para poder vivir en paz e defender cadaquén os seus propios dereitos. Explicada a orixe da autoridade, magnífica no soberano un tipo de autoridade sacrosanta que implica dereitos inmanentes ou connaturais á súa categoría e dereitos transeuntes. Precisa, asemade, os dous tipos de xurisdicción que lle competen: a xurisdicción suprema, da que en ningún caso pode abdicar, e a plena ou semiplena, que pode ceder ou transferir a persoas ou institucións. Clarificados estes conceptos e as súas implicacións respectivas, advírtelles ós maxistrados, correxidores e alcaldes sobre a obriga que teñen de defender a xurisdicción real nos seus posibles enfrontamentos coa Igrexa. Deben, ademais, evitar as interferencias e vixiar para que os non informados otorguen e realicen operacións escriturarias diante de notarios e vicarios eclesiásticos naquelas materias que son alleas á súa xurisdicción. Todo isto, en orde a evitar que, por falta de información e coñecementos, se poidan producir perxuízos á xurisdicción real. Así, a postura regalista de Seixo, acorde co ambiente que estaba a respirar, é relativamente clara. Sen embargo, prevendo o conflito, precisa non ter intención de lle mermar cousa algunha á autoridade eclesiástica; autoridade que respecta e á que voluntariamente se somete. Neste contexto, a apelación á máxima evanxélica, «dar ó César o que é do César, e a Deus o que é de Deus», non responde máis que a unha estratexia ou, no millor dos casos, a unha evasiva na resposta, pois a historia amosa con feitos abundantes que con esa sentenza na man pretendéronse xustificar —dunha e doutra banda— non só pequenas liortas, senón tamén unha verdadeira e longa contenda polo «dominium mundi». Vicente do Seixo, igual que noutras cuestións, amósase ambivalente e quédase a medias tintas: dunha banda, quer contemporizar co espírito regalista imperante, propiciado polos Borbóns e os seus secuaces; doutra banda, manifesta respectar e acatar a autoridade eclesiástica e non querer perxudicar os seus intereses. Pero a estratexia semella non deixar contento a ningún.

Ao noso ver, esta é unha das razóns —aparte dos erros e deficiencias detectados no texto polos informantes e censores— da condena da súa obra sobre a tolerancia, publicada no mesmo ano de 1788. Se ben é certo que nela se entromete en determinadas cuestións de relixión, e fai algunhas afirmacións imprecisas sobre a orixe da tolerancia e sobre a actitude da Igrexa de Roma en relación a Igrexa Grega, non se entende moi ben o longo proceso de informes e remisións sucesivas de informes, desde a Inquisición de Valencia ata o Consello Central da Inquisición en Madrid, que dicta, de forma contundente, lapidaria e sen compasión algunha, unha sentenza desmedida, alomenos polas proposicións

entresacadas do texto e condenadas como falsas, erróneas, inxuriosas, proferidas de mala fe, perniciosas á doutrina relixiosa, etc.<sup>23</sup>; sentenza desmedida, fruto, quizais, do celo extremado na vixiancia sobre a introducción e propagación de ideas estranxeiras (estamos no ano precedente ó estalido da Revolución Francesa), e mesmo da vontade da propia Inquisición de reafirmar a súa autoridade en momentos de crise. Neste sentido comenta Albert Dèrozier respecto á Compañía de Xesús: «... agitaba forzosamente a la Iglesia Española y obligaba a la Inquisición a definir nuevas bases de acción represiva, en un momento en que la irrupción de ideas extranxeras ya no se lo permitía»<sup>24</sup>. Sen embargo, a Inquisición segue actuando, e con forza, nos derradeiros anos do reinado de Carlos III e primeiros de Carlos IV. Outravolta, Sánchez-Blanco toma nota dunha situación que, aparentemente, xustifica as súas intervencións: «En Madrid, Azcoitia y Sevilla se reúnen personajes como Iriarte, Samaniego, Olavide, que toparán con la Inquisición por sus expresiones provocadoras contra las creencias del pueblo, por poseer libros prohibidos y por sostener opiniones demasiado libertinas en cuestiones morales. Muchos de estos jóvenes presumen de materialistas porque es lo último y más radical»<sup>25</sup>.

En fin, que aparte das ideas censuradas, están o tránsito e influencia das ideas alleas, a posesión e circulación de libros prohibidos, a manifestación e ideas descreídas, as tertulias no terreo relixioso, etc. Todo un conxunto de factores que encrúan os medios de control ideolóxico, incrementan as prohibicións e dan pretexto para intervencións condenatorias; todo un conxunto de causas encadeadas que non fan doada a comprensión dun proceso e duns procedementos que xa Carlos I quixera reformar dun xeito radical, pero que a astucia do seu valido, o Cardeal Cisneros, se encargou de disuadir decíndolle: «a paz

---

<sup>23</sup> Realmente trátase dun opúsculo. Expón as ocasións nas que a Igrexa grega pretende competir coa Igrexa de Roma, nai e fonte das ciencias. Co traslado da capital do imperio a Constantinopla comezan os beneficios otorgados ós bispos gregos, o seu engrandecemento e tamén a súa soberbia. Enumera os erros graves (ata dezaseis) e as diferencias de ritos e crenzas (ata once) respecto á Igrexa Romana, que sempre procurou a redución da Igrexa grega mediante concilios, sínodos e delegacións pontificias. Nas dúas últimas páxinas están as frases, afirmacións e opinións que ocasionan a condena (que non aprobou os erros da Igrexa grega, pero que os tolerou, ó non poder aguantar máis; que pese a todos os antecedentes os Papas non lle declararon a guerra, nin lle pediron ós Príncipes que o fixeran, nin que castigaran a algún particular, como castigan a outros herexes doutras provincias de por acá; que no relativo ós ritos e crenzas non só os toleran, senón que os aproban e mandan que non se lles moleste por esta razón, etc.). Estas, e non outras, son as expresións erróneas, inxuriosas, proferidas de mala fe, que provocan unha condena contundente, pese a que Seixo sempre deixa clara a superioridade da Igrexa de Roma sobre a Igrexa grega.

<sup>24</sup> *Historia de España* (dirixida por M. Tuñón de Lara), Vol. VIII: *Centralismo, Ilustración y Agonía del Antiguo Régimen, 1771-1833*, Barcelona, Ed. Labor, 1988, p. 338.

<sup>25</sup> Sánchez-Blanco Parody, *op. cit.*, p. 239.

dos reinos e súa mesma autoridade dependen da Inquisición». Aínda máis, no cumio mesmo do despotismo ilustrado, Carlos III propiciará o regalismo como ideario político, pero sen se enfrontar e interferir directamente coa relixión. Regalismo si, pero con relixión. En última instancia, o regalismo político apoiábase na relixión; fenómeno tamén suliñado por Sánchez-Blanco: «El despotismo ilustrado, por lo menos en la conciencia y en la práctica del gobierno de Carlos III, quiere fortalecer las regalías e incluso a costa de la autoridad eclesiástica, pero no se imagina una sociedad y una monarquía sin religión, cosa que ni siquiera Voltaire se ha atrevido a proponer»<sup>26</sup>.

Historicamente consta que, coa introducción de ideas francesas despois da Revolución, e despois de abandonar Floridablanca a dirección da Sociedade Económica Matritense, adóptanse aínda medidas máis restrictivas en canto á prohibición absoluta para imprimir calquer tipo de libro, folleto, estampa, papeis, manuscritos, etc., que fagan alusión a ideas chegadas de Francia, polos perigos que podían supor. Tal prohibición extremada afectará tamén, aínda que a temática era premeditadamente de índole non-relixiosa, ó proxecto seixano de fundar un periódico de Agricultura, se ben é certo recoñecer que no fracaso deste proxecto interviron tamén razóns de índole económica. De feito, dito proxecto foi remitido á Sociedade Económica, que considera inoportuna naquelas circunstancias a súa publicación, ó non poder asumir outras instancias que viñeran a incrementar os seus compromisos e conseguíntes gravames económicos. No Memorial dirixido ó Secretario de Estado declara: «A excepción de las materias de Estado y de religión, de que no tratará dicho Periódico, se comunicarán en los ramos de economía, pastoría, industria, secretos de las bellas artes, agricultura y los tres reinos de la Naturaleza, las investigaciones, conocimientos y más convenientes al adelantamiento de todos ellos, para facilitar mayor ocupación a las personas laboriosas y aplicadas»<sup>27</sup>. A. González Palencia (no *Estudio histórico sobre la Censura gubernamental en España, 1800-1833*) reproduce o oficio dirixido a Seixo, de 11 de setembro de 1799, firmado por Mariano Luis de Urquijo, sobre a publicación deste periódico de «Agricultura práctica, industria, política y económica», que transcribe as normas de publicación: «Reglas que deberán observar los autores, traductores y Censores de los papeles periódicos y escritos cuya impresión corra bajo la mano del señor Juez Subdelegado de Imprentas, acordadas por el Consejo en el 12 de septiembre

<sup>26</sup> *Ibid.*, p. 263.

<sup>27</sup> Cfr. en M. L. M. P., *op. cit.*, pp. 133-136, Memorial dirixido ó Secretario de Estado Urquijo no que solicita a publicación dun papel-periódico de economía, por cadernos, segundo o modelo de *El Viajero Univesal*, ou da última traducción de *Telémaco*, destinado á educación da xente do campo, das obrigas, coñecementos, tarefas, modos de coidar o gando, dos cultivos dos olivos, dos diversos usos do aceite, etc. Asemade, Plan de una publicación periódica, remitido ó Ministro da Facenda (1799).

último y probadas por su Majestad en 2 del presente de octubre» (presentación dos escritos firmados polos autores; remisión do texto ó Censor designado; evitar expresións torpes, licenciosas, satíricas, lesivas e injuriosas á honra e estima de comunidades, persoas e institucións; nas traducións e discursos faráse constar o nome do autor ou a cita do libro; remesaráse co orixinal un exemplar impreso ó Xulgado de Imprentas; non se tratarán asuntos resoltos pola súa Maxestade ou polos seus Ministros, nin tampouco cuestións pendentes de resolución...)»<sup>28</sup>. Semella que Seixo tivo presentes —a título de alegacións— a licenza concedida a Antonio Valladares (30-7-1792) para a publicación do *Seminario Erudito*; e a circular ó Príncipe da Paz (23-9-1796) sobre o fomento da Agricultura e a divulgación dos coñecementos agrícolas. O Fiscal entende que a Seixo se lle pode conceder licenza, sen a intervención do Xuíz de Imprentas, polo que remitía a solicitude ó Consello (1-3-1800). Posiblemente, Seixo tivera presente tamén —pois temos que supor que a coñecía— a publicación *El Semanario de Agricultura y Artes dirigido a los Párrocos, 1797-1808*, que foi o primeiro periódico agrícola do país, aínda que anteriormente se tiveran editado xa outros con temas agrarios, como *Discursos mercurianos: memorias sobre Agricultura, Marina, Comercio y Artes liberales y mecánicas* (1752); *Semanario Económico* (1765); *Memorias instructivas y curiosas* (1778). O intento de *El Semanario de Agricultura* era resolver o dilema: «en España los que labran no leen, y los que leen no labran»<sup>29</sup>. O *Semanario* subsiste máis dunha década, con cáseque seiscentos números publicados ata a súa desaparición. Con colaboracións de autores españois e estranxeiros, é testigo de cantas actividades, tanto no noso país coma fora del, se van producindo en relación a unha maior produtividade da agricultura, da millora das novas técnicas de cultivos, da superación dos sistemas tradicionais, e mesmo dos problemas estruturais do agro naquelas épocas. A circunstancia política, económica e social na que xurde, e os problemas ós que pretende dar solución, é a mesma na que Seixo plantexa a conveniencia do seu xornal: superado o clima de medo e de convulsión producida pola Revolución Francesa, reestablecidas as relacións con Francia, ínfiase unha política de apertura, en tempos de Godoy, ás Luces e os seus aspectos máis tecnocráticos, tendentes a conseguir as milloras referenciadas e con elas un estado de maior benestar para os cidadáns. En definitiva, se os informes sobre o proxecto seixano eran favorables —ó se axustar ás Regras de publicación—, se coñecía licencias e xornais precedentes semellantes, cabe pensar que a causa fundamental da non edición do periódico foi de tipo económico.

<sup>28</sup> A. González Palencia, *Estudio histórico sobre la censura gubernativa en España, 1800-1830*, 3 Vols., Madrid, Tipografía de Archivos, 1934 (III, 610).

<sup>29</sup> F. Díez Rodríguez, *Prensa agraria en la España de la Ilustración (El Semanario de Agricultura y artes dirigido a los Párrocos, 1797-1808)*, Madrid, Ministerio de Agricultura, 1980.

### 3.2. Dimensión económica: o fisiocratismo<sup>30</sup>

A referencia anterior ó proxecto dun periódico agrario e á literatura agraria daquela época, lévanos á consideración dunha segunda vertente do seu pensamento. O mesmo que acontecía con outros socios da Matritense (Campomanes, Jovellanos, Cabarrús), o posicionamento de Seixo ó respecto encádrase tamén na liña de transición —con mixtura de ideas— do mercantilismo ó fisiocratismo. Dos fisiócratas acepta, evidentemente, o primado da Agricultura, ó describirla reiteradamente, desde os inicios da creación, como a arte máis noble e primeira, nervio de tódolos estados, patrimonio universal e fonte de riqueza. O seu estudio é necesario para enriquecer ó Estado; é a ciencia primeira dada por Deus ó home, o coloso máis grande e o fundamento das demais ciencias (Arte e Comercio); cementación do Estado, que ocupa o lugar supremo entre tódalas demais ciencias; é o código elemental de tódalas nacións; sen ela todo fenece, todo morre: «los pueblos caminan a paso de gigante en su languidez y desolación,

<sup>30</sup> Seixo, como os demais ilustrados, non presenta un pensamento puro neste aspecto, senón ecléctico, se ben con tendencia ó predominio do fisiocratismo. Incluso se lle podería incluír dentro dos nomeados «arbitristas» (calificativo utilizado con certo desprecio, ata o momento en que se realiza a súa revalorización por parte dos irmáns Jean e Pierre Vilar, J. Hamilton, e outros). Así o concepto pexorativo dos «arbitristas» —designados tamén como proxeccionistas, como si se tratara de meros fornecedores de solucións quiméricas— avalíase en sentido positivo, como «... aquellos reformadores de buena intención, trastornados por la caída de su patria y apasionados por detenerla descubriendo sus causas» (Abellán, *op. cit.*, III, pp. 312 ss.). G. Anes cita a tres autores (Sancho de Moncada, Caxa de Ceruela e Martínez de Mata) como a tres persoaxes claves do século XVII, pero o seu pensamento é imprescindible para entender a renovación que vai ter lugar no século seguinte. O mesmo M. Colmeiro (*Historia de la Economía Política Española*, Madrid, Fundación Banco Exterior, 1988; 1ª edición, 1863), mantén, aínda a fins do século XIX, un concepto pexorativo dos mesmos. Ver L. II, C. XC: *De los arbitristas* (rasgos, clases, carácter, nomes, propostas de eliminación, extravagancias, xeralización; pp. 397-403). Polo que respecta a Vicente do Seixo, E. Correa Calderón (*Registro de arbitristas, economistas y reformadores españoles, 1500-1936*, Catálogo de impresos y manuscritos, Madrid, Fundación Universitaria Española, 1981) inclúeo neste Catálogo plural, citando algunhas das súas obras (*Lecciones Prácticas...; Compendio de observaciones...; Reflexiones sobre el progreso de la agricultura...; Ensayos políticos y militares; Discurso sobre ... la capacidad o incapacidad de las mugeres...*). Previamente, no 1966, publicara a parte correspondente a Galicia, «Bibliografía de arbitristas, reformadores y economistas gallegos», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, n. 46, Tomo XV. Calderón dalles un sentido relativamente positivo ós termos: proxectos, discursos, representacións, propostas, planos e memorias: «son voces clamantes que, si en alguna ocasión logran ser escuchadas, las más de las veces predicán el desierto, por más que sus iniciativas, y sugerencias pudiesen seguir teniendo actualidad, no sólo en su época, sino también en tiempos posteriores... Es verdad también que entre estos españoles de pro hay gentes de desatinada fantasía, entre los que abundan los arbitristas, inventores y proyectistas, los moralistas, los imaginadores, que en su buen deseo de engrandecer su propio país, forjaban las más quiméricas soluciones para los problemas latentes de la nación» (p. 19). Cfr. a precisa consideración de Lluch/Argemí, *op. cit.*, C. I: *Agronomía y revolución agraria en España, 1750-1820*, e C. II: *La fisiocracia en España*.

y el Erario será tan mercenario que no podrá sostener las cargas precisas de la corona»<sup>31</sup>.

Todos estes calificativos, reiterados ó longo das súas obras de temática agraria, e mesmo en resúmenes e cartas de propaganda publicitaria, confirman a tese de que a terra (a Agricultura) é a única fonte de riqueza, e mesmo a doutrina do produto neto: a terra é a fonte ou materia da que se obtén a riqueza. Neste sentido, á Agricultura (e á minería) pódeseles chamar industrias extractivas en canto son verdadeiramente productivas (industria e comercio ocupan un segundo plano). No caso concreto das minas pensaba que as de Monterrei (provincia de Ourense) eran tan importantes como as de Cornualles en Inglaterra<sup>32</sup>. Logo, as extraccións realizadas amosaron a non rentabilidade da explotación.

Pois ben, sen detérmonos polo miúdo en cada un dos cinco volumes das *Lecciones Prácticas de Agricultura*, si compre indicar ó fío programático dos mesmos. No volume primeiro (dez Leccións) ocúpase —comezando polos catro elementos: terra, auga, aire, fogo ou calor— da terra en si, da súa fecundidade, elementos, propiedades, beneficios, modos de fertilización, clases (boas, grasas e pesadas; húmidas e frías; ardentes e secas), esterilidade, estercos, milloramento dos abonos, utilidade e criado dos gandos, dos pastos, dos prados e das forraxes. Tal é a temática tratada neste volume; temática que, en terminoloxía máis actualizada, encadraríase dentro das dúas especialidades da agricultura, é dicir, a *agronomía* e a *zootecnia*, se ben esta última ocupa un lugar secundario na súa concepción fisiocrática. O segundo volume, en dezasete Leccións, vai tratando do coñecemento das terras, segundo os antigos e modernos; do solo (especies, composición e superficie); das ventaxas para o propietario e o arrendador segundo o tempo e duración dos arrendamentos e/ou foros; das diversas clases de terras (roxa, branca, amarela, negra, arcillosa, arenosa, greda, etc.) para oleiros, labradores, árbores, pastos, etc. Só unha precisión pedagóxica: ó inicio indica a intención de achegar estes coñecementos ós labradores, facendo doada a súa comprensión e asequible a súa adquisición. Adopta a forma dun catecismo elemental, tipificado nun diálogo (socrático) entre un pai e un fillo que pregunta: ¿Cal é o primeiro coñecemento que debe ter un labrador? E a resposta do pai: «o das terras que cultiva». Para atallar os inconvenientes de tipo económico e científico propón como medio de instrución esta clase de documentos. O terceiro volume (despois de llelo adicar á Nación española, ós labradores e colonos honrados, e de reafirmar a primacía da Agricultura), ó longo de vintese Leccións vai considerando a natureza da marga, clases e modos de descubri-la;

<sup>31</sup> Carta a Gardoquí, 1797 (en M. L. M. P., pp. 125-26). O mesmo estado de cousas é descrito, unha e outra vez por Seixo, na explicación inicial do «argumento da obra». Cfr. *Lecciones Prácticas...*, I, II, III.

<sup>32</sup> *Compendio de observaciones...*, p. 26.

da súa utilidade; da arcilla, da area; das terras gredas; da terra natural; dos abonos (de algas, de cunchas do mar, de árbores, de plantas, de cadáveres, de pombas e de aves domésticas, de excrementos humanos, de cal, de roupas vellas, de cinza, etc. En definitiva, trátase dun volume adicado a describir fundamentalmente as virtualidades da marga, criticando á Sociedade Económica de Vascongadas por teren realizadas experiencias con ela, sen previos coñecementos dos principios da Agricultura e amosando, á súa vez, admiración polos procedementos agrícolas ingleses. Non comprende como en España se fai tan pouco caso das utilidades da marga, á vista das ventaxas que ofrece sobre o esterco. Para superar estas carencias de información propón o establecemento dun corpo de *inspectores de agricultura*. O cuarto volume estaba pensado por Seixo como o último destas *Lecciones*. Presenta a particularidade de ofrecer, de entrada, unha lista de suscritores a esta obra nas librerías de Madrid (3), Valencia, Sevilla, Segovia, Valladolid, Córdoba, Granada, Cádiz, con un total de 573 suscritores. Chama a atención o feito de que na relación non figura ningunha librería de Galicia, nin tampouco ningún suscriptor galego identificado como tal. Logo, ó longo de vinte Leccións, volta a ocuparse do coñecemento das terras, segundo antigos e modernos; dos solos, da súa natureza e modo de coñecelos; do modo de xulgalos polas súas producións ordinarias, pola reixedume ou debilidade das árbores; das diversas clases de terras (terra greda, roxa, amarela, branca, negra, arcillosa, arenisca, blanda, etc.). Temas considerados xa en volumes precedentes (segundo e terceiro sobre todo). No tomo quinto —adicado á Patria, ós meus concidadáns, habitantes das ribeiras do Miño— insiste novamente na necesidade de instruír ós homes de campo, porque a práctica da Agricultura precisa moitos coñecementos. Para comprender a súa importancia abonda con comparar un país incultivado con outro país de verdes e viciosos agros. Despois do exordio, en once Leccións, vai expondo —e cáseque cantando— as excelencias da agricultura do viño, a máis estimada entre as diversas especies de bebidas extraídas das plantas para a vida do home; amosa, asemade, a súa importancia para o comercio e mesmo para o incremento de riquezas copiosas dalgúns soberanos. O seu discurso abrangue as diversas tarefas relacionadas con este cultivo: natureza das vides, cultivo das cepas, modo de vendimar, fermentar e conservar o viño; da millora dos viños cativos, da imitación doutros viños distintos (sen perxuízo para a saúde); das enfermidades do viño; da falsificación, da trasega; da forma de construción das adegas, etc. En resumo, esta obra constitúe un curioso tratado de viticultura, con referencias literarias a autores antigos —como Plinio, Virgilio, Varrón, Horacio, Columela— e a outros científicos —botánicos como Miller, agrónomos como Tull, químicos como Hofmann, Homberg e Boerhaave, que era tamén doutor en medicina.

No seu conxunto, as *Lecciones Prácticas de Agricultura* amosan un carácter ecléctico, un intento de renovación das técnicas agrarias, e a expresión da

dimensión pragmático-utilitaria do saber; dun saber que non se cultiva nos centros superiores de ensino — é dicir, nas Universidades<sup>33</sup> —, senón noutras instancias e institucións, como as Sociedades Económicas de Amigos do País. Velaí, pois, o intento reformista seixano, por vía de educación agraria.

Pero a súa preocupación pola problemática agraria non se pecha con esta obra. Un ano despois (1796) volta a insistir na mesma temática cunha obra de dubidosa autoría, *Compendio de observaciones que forman el plan de un viaje Político y Filosófico que debe hacerse dentro y fuera del Reyno en que nacementos...*<sup>34</sup>. Obra que ven a ser a un tempo un libro de rexistros de observacións e, asemade, un prontuario de normas para as diversas anotacións. Na primeira parte expón as utilidades de viaxar por Europa e polas demais partes da terra. Así poderá apreciar as excelencias da viaxe manifestadas na práctica das diversas nacións e mesmo contrastar as riquezas de España no relativo ás artes e a economía animal, vexetal e mineral. Na segunda, refírese ás obrigas que ten o viaxeiro relativas ás investigacións a realizar respecto á Política e á Filosofía, por mor da Agricultura e nas súas producións; nas Letras, Armas, Comercio, Compañías, Transportes, Camiños, Navegación, Pesca, Lagos, Escolas, Academias, Librerías, homes de letras, Museos, gabinetes de Física, observatorios matemáticos, laboratorios químicos; diferentes especies de animais, variedade de minerais; existencia de minas e modo de descubrilas; clases de vexetais e aplicación para diversos usos, etc.

O resultado que se desprende destas obrigas e observacións é que o filósofo ten que posuír ou estar instruído en: Xeografía, Aritmética, Xeometría, Trigonometría, Historia Natural, Física e Química, Xeografía e Xeometría Subterránea, Metalurxia Mecánica, Arquitectura, Hidráulica...; e estar dotado da capacidade de reducir a sistema os diversos coñecementos —as producións naturais a reinos, clases, ordes, xéneros, especies, variedades, etc. O conxunto destes

---

<sup>33</sup> A súa opinión negativa sobre os estudos superiores refléctese nesta pasaxe: «... el mayor placer de las mugeres que saben grandes cosas, es no tener que decirlas en las escuelas y en las cátedras, donde una de las primeras y más antiguas leyes de estos lugares, es contradecirlo todo, y ponerlo todo en cuestión...» (*Discurso ... sobre la capacidad o incapacidad de las mugeres...*, p. 173). A semellanza coa crítica de Sarmiento ás Universidades en *La educación de la juventud* é tan grande que parece que Seixo ten diante o texto de Sarmiento.

<sup>34</sup> A documentación aportada por M. L. M. P. amosa que non se trata máis que dunha tradución. Sen embargo, na portada da obra V. do Seixo figura como autor da mesma. Posiblemente se trate dunha tradución moi libre con adaptacións de Seixo. A semellanza doctrinal coas precedentes obras de Seixo non deixa lugar a dúbidas. Era tamén praxe bastante común daquela facer circular obras traducidas ou adaptadas como se fosen propias, tal como aconteceu con algúns agrónomos e mesmo co *Evangelio en triunfo*, de P. de Olavide. Cfr. ó respecto a. c. de M. Benítez; e outros traballos do mesmo autor (como *La face cachée des Lumières. Recherches sur les manuscrits philosophiques clandestins de l'age clasique*, Oxford-París, The Voltaire Foundation, 1995), nos que explica como se construían e circulaban os textos «clandestinos» e tamén non clandestinos.

saberes constituiría a figura do filósofo, ou a encarnación mesma da filosofía, que non tería un obxecto específico propio, senón que se identificaría co resultado xeral deses saberes; saberes que, ademais, están orientados nunha dimensión utilitaria. En conclusión, unha concepción positivista da filosofía, que se manifesta, unha e outra vez, na insistencia seixana sobre a preeminencia da agricultura e na necesidade de investigar a situación dos labradores: se traballan por rutina ou por experiencia propia ben dirixida; se son honrados; se teñen escolas agrarias; se a causa da súa pobreza depende do feito de non saberen cultivar as terras, de non lle poder dar saída ós seus produtos, ou dos censos e tributos que non poden pagar — neste caso considera esencial examinar os fueros e os títulos «... viendo los que son justos y los que con vexación e injusticia de los labradores son usurarios y nocivos a la sociedad»<sup>35</sup> —. Nótese que Seixo adopta nesta cuestión unha actitude puramente descritiva e informativa: «El viajero filósofo no tiene otro objeto que indagar y observar que la naturaleza, hasta conocer las riquezas y los bienes que la mano de la omnipotencia derramó sobre la superficie del globo, a fin de obtener una perfecta descripción de los tres Reynos de la Naturaleza»<sup>36</sup>.

Así pois, o concepto de filosofía e a figura do filósofo viaxeiro concordan plenamente. Non hai ningún tipo de filosofía abstracta, aillada da realidade natural. Os caracteres do saber filosófico, como algo positivo e orientado pragmáticamente, remáchanse coa necesidade que o filósofo-viaxeiro ten de se fornecer de determinados aparellos ou instrumentos, indispensables para poder realizar os traballos filosóficos sobre a natureza, e que reafirman a dimensión concreta, material e instrumental do saber (piquetas, foces, machadas, cuñas, mazos, serras, coitelos, tixeiras, agullas, papel, pólvora, chumbo, redes, tacos, cera, augardente, etc.); instrumentos necesarios, «... porque el filósofo debe por sí mismo trabajar y examinar la naturaleza»<sup>37</sup>.

Naturalmente que Seixo nin profesa a filosofía, nin pretende deseñar a figura dun filósofo académico, pero si presenta o modelo do filósofo-viaxeiro, observador mundano, informado e descritor dos tres reinos da natureza. Filósofo-viaxeiro que coincide coa figura do viaxeiro ilustrado que —segundo Gómez de la Serna, *Los viajeros de la Ilustración*<sup>38</sup> — nas súas viaxes non é un mero

<sup>35</sup> *Compendio de observaciones...*, pp. 70-71

<sup>36</sup> *Ibid.*, p. 110.

<sup>37</sup> *Ibid.*, p. 286.

<sup>38</sup> G. Gómez de la Serna, *Los viajeros de la Ilustración*, Madrid, Alianza Ed., 1974, pp. 11-15. O produto típico da viaxe ilustrada non se atopa ata a segunda metade do século XVIII, xusto coa nova dinastía borbónica, cando comeza a «... fraguarse la gran operación político-intelectual del llamado despotismo ilustrado». Realiza unha planificación/tipoloxía das viaxes (económicas, científico-naturais, artísticas, histórico-arquelóxicas, literario-sociolóxicas); precisa as características da viaxe (reformismo pedagóxico, conciencia da realidade, criticismo, politización

espectador, senón que pretende ilustrarse e coñecer, mediante a observación, as relacións físicas, morais e civís duns homes cos outros. «Ilustrarse sobre la vida del hombre, filosofar con la experiencia por delante; he ahí el motivo del viaje ilustrado ... estos españoles de la Ilustración viajan por ella dominados por un propósito común que domina sus apuntes y da carácter a sus libros y diarios de viaje: conocer a fondo, reformar, regenerar el país»<sup>39</sup>.

Resumindo, a reflexión seixana sobre a Agricultura (constatado o estado de atraso por mor de causas diversas, como a ignorancia dos agricultores, o ape- gamento ós métodos tradicionais, a falta de experiencia propia, a falta de culti- vos, etc.) amosa un eclecticismo, típico da época, de teses mercantilistas, fisiocráticas e mesmo nalgúns casos do liberalismo económico, que van da reiterada afirmación da Agricultura como única fonte de riqueza, á restricción ou prohibición de importación e exportación de determinados produtos, que nos levan —en sentido negativo— a ser tributarios de determinados países e cidades como Inglaterra, Francia, Holanda, Venecia, Xénova, que nos «... chupan —afirma— la sustancia de todas las producciones y nos despojan del comercio e industria por unos medios insensibles y halagüeños, que no queremos acabar de conocer»<sup>40</sup>; ou —en sentido agora positivo— pasa a defender claramente a liberdade de comercio, por canto «... es una de la bases principales de la felicidad de la nación, y por eso debe ser uno de los objetivos esencialísimos en los que el viajero debe emplear sus mayores observaciones»<sup>41</sup>.

Non obstante, industria, comercio, etc., non entran na categoría de «industrias productivas»; por iso, e pese a seren útiles e necesarias, son «estériles» ó non producir valores; só se limitan a transformar os valores producidos pola Agri- cultura. E neste marco concreto de valoración e referencias compréndese a preocupación seixana pola formación, educación, situación, etc. dos labradores en canto clase productiva; e nesta mesma perspectiva encádranse as súas pro- postas de crear un corpo de inspectores de Agricultura, as escolas de Agricultura, e mesmo o seu proxecto de editar un periódico de Agricultura<sup>42</sup>.

---

da empresa literaria, prosaismo cientifista). E a valoración final: «Ya dije que la secuela de la creación de las distintas Sociedades Económicas de Amigos del País por toda España halló, precisamente en estos viajeros uno de los principales medios de información, comunicación y propagación. Y naturalmente eran *afrancesados* estos viajeros de la Ilustración» (p. 103). Pero non eran homes de acción: «Ninguna consecuencia de las que ahora llamaríamos de carácter social aflora a sus plumas» (p. 89). Todo elo concorda coas normas de Seixo no *Compendio de observaciones...*, e mesmo no *Discurso* sobre as mulleres cando á hora de propor solucións prácticas do modelo de educación, remítese a Joly de Saint Valier, que está de viaxe por Europa co seus fillos de ambos sexos.

<sup>39</sup> *Ibid.*, pp. 13-14.

<sup>40</sup> *Reflexiones sobre los progresos de la agricultura...*, p. 33.

<sup>41</sup> *Compendio de observaciones...*, pp. 85-86.

<sup>42</sup> O interese educador de Seixo amósase na Memoria dirixida a Carlos IV (1797), *Demos-*

En conclusión, a Agricultura, en canto ciencia e arte de cultivar a terra, comprende unha técnica (técnicas) agrícola e una socio-economía agrícola. A súa vez, a técnica agrícola diversifícase en tres ciencias ou ramas constituíntes: a Edafoloxía (estudio das características dos solos), a Fitotecnia (que se ocupa dos cultivos das plantas en xeral), e a Zootecnia (que se ocupa das condicións de vida dos animais en xeral). Destas diversas partes (correspondentes ós tres reinos da natureza) ocúpase Seixo —aínda que sen terminoloxía precisa— de forma ampla e reiterada nas súas obras mencionadas, e noutras (silenciadas) de carácter agro-económico. O aspecto ou dimensión socio-económica da agricultura é o menos considerado por Seixo, porque o seu tratamento explícito suporía ou unha vinculación —e non digamos mantemento— ás estruturas do Antigo Réxime, ou a aposta por unha reforma social das mesmas.

### 3.3. Dimensión utópico-social

Ó dilema plantexado anteriormente non hai resposta en Vicente do Seixo. Temos indicado que o viaxeiro debería observa-las condicións, xenio e natureza dos labregos, o seus coñecementos da agricultura; se obteñen beneficios ou non do seu traballo; se están cargados de tributos e impostos que non poden pagar; se existen foros (xustos ou inxustos), etc. Os resultados destas observacións e rexistros poderían dar lugar a determinados tipos de plantexamentos críticos e reformistas (tal como acontece, aínda que moderadamente, noutros autores contemporáneos de Seixo, como R. Campomanes, Jovellanos, Olavide), pero non é así, porque as observacións e descripcións redúcense só a iso: observacións e descripcións, a consignar polo viaxeiro no seu libro de rexistros. Non fai propostas de reforma. Posiblemente Seixo —como fisiócrata— pensase que hai que deixar facer e pasar, porque o mundo natural agrario coas súas leis vai de seu, e recomporáse de seu.

Nas *Lecciones Prácticas de Agricultura* (III, Lec. 3) trata dos beneficios que se obterían para o propietario e para o arrendador se os contratos de arrendamento das terras se fixeran por un prazo de vinte ou máis anos, ou se concedesen as terras en aforo, como acontece en Galicia e nalgunha outra provincia. A razón está en que, se o arrendador ten que facer inversións dalgún tipo, é preciso darlle máis tempo para se recuperar do invertido. Seixo límitase a facer unha consideración, como se fose un técnico-teórico; a cuestión social dos arrendamentos

---

*tración de la decadencia de nuestro comercio...*, publicada logo como *Reflexiones sobre los progresos de la agricultura...* Aquí concreta a súa proposta de superación do estado de crise ou decadencia mediante a creación de Escolas Agrarias, nas que se fixaría un método educativo para a xuventude desde os primeiros anos e o carácter obrigatorio do mesmo nestas Escolas.

e dos foros —que xa daquela levantaban moreas de voces críticas, pedindo solucións— non aparece mencionada. Isto pode explicar tamén o seu silencio verbo da cuestión da desamortización (eclesiástica ou civil). Só nunha ocasión, no *Compendio*, fai referencia a este problema: «si hay muchas haciendas vinculadas o libres; si los dueños de las primeras las trabajan por sí o de su cuenta, o las dan en arrendamiento; qué utilidades o perjuicios resultan de uno o de lo otro»<sup>43</sup>. Pero, igual que nos casos anteriores, o viaxeiro só debe observar e rexistrar se os feitos ocorren desta ou doutra maneira. A cuestión social non entra no manual do viaxeiro. Pero, se atendemos ós resultados efectivos das propostas reformistas, a diferencia entre Seixo e os seus contemporáneos (reformistas) non é tan grande. R. Campomanes, Jovellanos, Olavide, estaban convencidos de que a reforma da estrutura legal era un paso previo á reforma agraria. Sen embargo —observan Luch/Argemí— «... conviene decir que, en cualquier caso, el tipo de reformas que propusieron no atentaba al corazón del Antiguo Régimen y que su coherencia tenía un límite, puesto que para llegar al fondo de los problemas que denunciaban debían atacar al mismo sistema. Los fisócratas franceses se encontraron con la misma dificultad y, aunque no publicaron sus resultados, en determinados momentos fueron conscientes de que sus reformas sólo tenían cabida en un nuevo sistema político, el que la revolución creó»<sup>44</sup>. E a revolución provocaba pavor.

O silencio seixano lévanos á conclusión de que estaba moi próximo ás estruturas sociais do Antigo Réxime: o problema constatado da decadencia agraria e a baixa produtividade resolveríanse mediante o incremento da superficie cultivable e por medio da implantación práctica das propostas do seu programa educativo. Non pensaba, pois, nunha reforma social do réxime de propiedade. As cousas estaban como estaban. En todo caso, sempre cabía a oportunidade da súplica e —se cadra— a confianza na eficacia da mesma. Neste sentido, as seguintes pasaxes non deixan lugar a dúbidas:

«... arzobispos y obispos, cabildos de las Santas Iglesias y demás cuerpos y comunidades piadosas, podrían emplear sus caudales en hacer pequeñas poblaciones, sembrando de este modo para coger ciento por uno»<sup>45</sup>.

«Señores poderosos, ciudades populosas, Monasterios opulentos y cabildos, protexted la labor y a los hombres que se dedican a los trabajos del campo; entregadles esas tierras incultas; honradlos, hacedlos bien, y perpetuadlos en vuestras posesiones, porque la tierra es como un niño que siempre pierde en mudar de casa»<sup>46</sup>.

Verbas enfáticas, cáseque lapidarias, coas que o ton de súplica —que resulta

<sup>43</sup> *Compendio de observaciones...*, pp. 75-76.

<sup>44</sup> Luch/Argemí, *op. cit.*, p. 35.

<sup>45</sup> *Reflexiones sobre los progresos de la agricultura...*, pp. 18-19.

<sup>46</sup> *Lecciones Prácticas de Agricultura*, I, pp. 4-5.

ser insultante— revela claramente que as cousas non é doado cambialas, están ben como están; en consecuencia, non é preciso mudar o *statu quo*, porque en definitiva sempre se perde coa mudanza de casa. Súplica, se cadra aínda máis escandalosa, a que se reflecte no prospecto do último volume das *Lecciones Prácticas*, que pensaba adicar a A. Gardoquí, ministro da Facenda:

«Es de verdad eterna la cuidadosa atención que se merecen los hombres del campo; pero también lo es la necesidad de dulcificar el corazón e ilustrar el entendimiento de los grandes y de los ricos, como que son los instrumentos de la felicidad pública; y no hermanando y poniendo a un mismo nivel las manos laboriosas de aquellos con las riquezas y generosidad de éstos, serán inútiles todos los demás medios, porque hasta la misma naturaleza degeneraría en mendicidad»<sup>47</sup>.

Discurso-súplica, en ton aldraxante, que non precisa comentario. Dunha banda rende pleitesía ós ricos; e, doutra, predica a servidume dos labradores. ¿Pode conter a súplica un carácter utópico, propiciando desde arriba un cambio das estruturas existentes? Certamente que non. Quizais algo menos utópica— aínda que moi limitada— semella ser a timorata proposta seixana, na que se reflecte o que se podería chamar a súa «utopía social»:

«La verdadera abundancia, la felicidad pública y un buen mercado se hace teniendo cada labrador una porcioncita de terreno propio, un par de bueyes, y mejor vacas, dos cerdos, seis cabras, seis ovejas, una docena de gallinas, y de cuatro a seis colmenas»<sup>48</sup>.

Tal proposta (e, ¡vaia abundancia!) parece ter como referente a Galicia, e suxire —aínda que con moita menos riqueza de contido e mesmo de imaxinación— a utopía sarmentiana das «casarías»<sup>49</sup>. A proposta seixana —que reflecte a concepción tradicional dunha economía familiar de subsistencia— non anula, dunha banda, o ton de súplica indicado, senón que é compatible con él; e doutra, non é capaz de albiscar algún medio de reforma social, ó considerar «inútiles todos los demás medios» (á marxe da súplica).

### 3.4. Dimensión sociolóxica: reivindicación das mulleres

Utilizando o símil da dialéctica hegeliana, podemos adiantar ó respecto que a problemática seixana das mulleres no seu discurso filosófico, económico e político, realiza ou cumpre o proceso triádico de tres momentos:

— *Primeiro* (tesis): o estado da paz orixinaria de armonía, en canto que «la

<sup>47</sup> Carta a Gardoquí, en M. L. M. P., *op. cit.*, pp. 121-122.

<sup>48</sup> *Reflexiones...*, p. 33.

<sup>49</sup> X. L. Barreiro, «Martín Sarmiento na insuficiencia da Ilustración», (citado, nota 2).

naturaleza puso de una parte la fuerza, la magestad y el valor, pero de otra puso la hermosura, las gracias, la finura y el sentimiento más sublime»<sup>50</sup>.

— *Segundo*: a inxuria (antítese) á natureza cometida pola educación: «...puesto que con la educación que comunmente se da a las mugeres se hace una injuria a la naturaleza...» —ó cuestionar ou negar a súa capacidade de talento ou de instrucción<sup>51</sup>.

— *Terceiro*: a restitución (restauración) da inxuria, xa que «... mientras que el hombre no restituya a la naturaleza los derechos que le ha robado, usurpando a la mitad y más bella porción del género humano los que le corresponden, y de que la fuerza lo ha despojado, las generaciones futuras no podrán ser más robustas, más ilustradas, ni más virtuosas»<sup>52</sup>.

Compre indicar, non obstante, que a mencionada reconstrucción dialéctica, evidente en aparencia, acocha determinadas incoherencias, e mesmo contradicións, típicas —por outra banda— do mesmo pensamento ilustrado en xeral. Pero, antes de nos adentrar na análise do discurso seixano, consideramos precedentes, como marco histórico-ideolóxico, as seguintes referencias:

- Ó discurso masculino sobre as mulleres na época da Ilustración.
- Á aportación precedente, no ámbito español, da figura de Feijóo.
- Ós debates na Sociedade Ec. Matritense sobre a admisión de mulleres.
- Á defensa particular de Josefa de Amar y Borbón.

### *3.4.1. O discurso masculino sobre as mulleres no ámbito da Ilustración*

Ó longo do século XVIII, desde os seus inicios, a literatura sobre temática feminina veuse incrementando, tanto en Francia, como en Inglaterra, como en España —neste país, sobre todo, no último tercio de século—. Pero é preciso suliñar que a maioría destes discursos son de procedencia ou autoría masculina<sup>53</sup>. Sendo así, prodúcese un fenómeno curioso: o discurso masculino é o discurso representante, porque as mulleres son o obxecto representado nese discurso. «El ser representado —precisa M. Grampe-Casnabet— es siempre un ser secundario, mediatizado, en relación con el sujeto que constituye la sede de la representación». En consecuencia, a muller/mulleres constitúen un obxecto de representación para un suxeito distinto delas, e que se pon no seu lugar. A

<sup>50</sup> *Discurso ... sobre a educación das mulleres*, p. 16.

<sup>51</sup> *Ibid.*, p. 49.

<sup>52</sup> *Ibid.*, p. 149.

<sup>53</sup> G. Duby/M. Perrot, *Historia de las mujeres*, Madrid, Taurus, 1992, 3 Vols. III: *Del Renacimiento a la Edad Moderna*.

relación representante/representado é unha relación desigual. «El discurso ilustrado es un discurso del hombre, es decir, del género humano o de la especie bípeda racional. Las distinciones de raza, sexo, si consideran alguna especificidad, quedan borradas. El acceso a las luces interesa y mueve a todo aquél que tiene el derecho a aspirar al nombre de hombre»<sup>54</sup>.

De pouco sirve, neste contexto, a declaración universal dos dereitos humanos: todos os homes por natureza son iguais. Porque, ¿quen ten dereito ó universal? No século XVIII tódolos teorizantes sobre o tema en cuestión concordan en afirmar que as mulleres constitúen a metade do xénero humano. Neste punto coinciden autores, noutros aspectos dispares, como Rousseau, Condorcet, ou Vicente do Seixo. Ben é certo que Condorcet precisa que esta metade non hai que entendela en sentido cuantitativo, senón máis ben en sentido funcional, en canto compañeira, nai, propagadora da especie, filla ou irmán. Semella que esa metade non entra na categoría do universal, aínda que tamén se pode preguntar se as mulleres tiveron realmente interese en seren recoñecidas como iguais en dereito. A resposta á pregunta supón a introducción de elementos explicativos, como a educación —da que Seixo afirma «... estas diferencias deben graduarse por destino y por educación»<sup>55</sup>—, e tamén polos costumes dos pobos, e os sistemas políticos e relixiosos.

Agora ben, construír discursos masculinos asimétricos leva a preguntar —porque se está presupondo no fondo— pola natureza da muller/mulleres. É evidente que homes e mulleres se diferencian pola organización corporal e polo sexo. Pero, ¿pódense tirar, a partir destas diferencias naturais, consecuencias relativas á desigualdade na orde intelectual, moral, social e política das mulleres? Boa parte dos filósofos ilustrados pensáronno así. Como expoñente paradigmático pode servir a seguinte pasaxe de Rousseau (*Emilio*, V): «La investigación de las verdades abstractas y especulativas, de los principios, de los axiomas de las ciencias, todo lo que tienden a generalizar las ideas, es ajeno a las mujeres: sus estudios deben referirse íntegramente a la práctica; a ellas corresponde la aplicación de los principios que el hombre ha encontrado, y a ellas corresponde hacer las observaciones que conducen al hombre al establecimiento de los principios».

Da diferenza sexual procede a definición da función das mulleres de seren compañeiras e nais; funcións que conlevan a un certo grao de servidume doméstica e mesmo á constatación de que o contrato (voluntario) do matrimonio resulta

---

<sup>54</sup> Grampe-Casnabet, en G. Duby/M. Perrot, III: «Los hombres hablan de las mujeres según una relación asimétrica, desvalorizadora, incluso quizás y sobre todo cuando el discurso masculino valora las virtudes femeninas. El discurso masculino es este decir creador, teológico, que habla con una especie de asombro, de su propia producción: la criatura femenina» (pp. 335 ss.).

<sup>55</sup> Seixo, *Discurso...*, p. 17.

ser tamén desigual, asimétrico, de submisión, etc. Establecida a diferenza de funcións, xurde a necesidade dunha educación axeitada a esas funcións. Sofía non ten dereito ó universal; terá que se contentar cun catecismo elemental (Rousseau fala como home e para os homes, a popósito das mulleres). Condorcet loitará contra as ideas herdadas, segundo as que as mulleres serían inferiores ós homes por seren máis débiles. Terían menos desenvolvido o entendemento no campo das ciencias, das artes e da filosofía; serían máis frívolas, astutas, disimuladas, etc. Non obstante, Condorcet aínda mantén certas reminiscencias tradicionais, como a exclusión das mulleres da cidadanía ou que en virtude do seu carácter sedentario —por natureza e gusto— cumpren a función de mestras «domésticas».

Concluindo —con Grampe-Casnabet—, as preocupacións polas mulleres no pensamento ilustrado pódense resumir nas seguintes secuencias: 1) pensaron a diferenza feminina, ó tempo que trataron de facela compatible co principio dunha igualdade teórica baseada no dereito natural. 2) Trataron de lle asignar ás mulleres roles sociais específicos (compañeira, nai, propagadora da especie), para os que se establecen modelos de educación axeitados. 3) Non se lles recoñece nunca (agás no caso de Condorcet) un estatuto específico. 4) A ideoloxía dominante do século XVIII consiste en considerar que os homes son principio e causa final das mulleres.

### 3.4.2. *Feijóo e a defensa das mulleres*

B. G. Feijóo, no 1726<sup>56</sup>, asume a defensa das mulleres cun humor persoal, que trasluce nalgúns dos seus escritos, facéndose cargo da situación de conflito que se pode xerar desta tarefa coas seguintes verbas:

«... defender a todas las mujeres —afirma de entrada— viene a ser lo mismo que ofender a casi todos los hombres...».

«... El falso profeta Mahoma, en quel mal plantado paraíso que destinó para sus secuaces, les negó la entrada a las mujeres... Pero parece que no se afexa mucho de quien les niega la bienaventuranza a las mujeres, en la otra vida, el que les niega casi todo el mérito en ésta» (*T. C.*, I, 326).

Plantexado o tema —nunha posición intermedia, pois recoñecer os vicios de moitas non equivale a considerar ás mulleres como causas de tódolos males—,

---

<sup>56</sup> Feijóo, «Defensa de las mujeres» (Texto completo en 24 cc. con adicións a este tratado no *Theatro Crítico Universal*, Tomo I, nueva Impresión, Madrid, Impr. Ibarra, 1778, Discurso XVI, pp. 325-398). O tema específico témolo estudiado recentemente: «Defensa das mulleres e Ilustración. B. G. Feijóo», en *Mujeres e Institución Universitaria en Occidente (Conocimiento, investigación y roles de género)*, Santiago, Universidade de Santiago, Servicio de Publicacións, 1966, pp. 283-289. Referencias a Feijóo en P. Mayobre, «Muller e Ilustración», en *El pensamiento filosófico y político en la Ilustración francesa, op. cit.*, pp. 291-99.

no seu discurso Fejóo vai analizando e refutando as diversas argumentacións, vertidas en contra delas: a) *desde un punto de vista fisiolóxico*, considerando á muller como animal defectuoso, resultado dunha xeración accidental, algo así como un aborto da natureza. Cita, a este respecto, a Amalrico de Bens, que se apoia en Aristóteles, que... «es inicuo con las mujeres: no sólo proclamó con exceso sus defectos físicos, sino aún con maior vehemencia los morales...». Donde se deriva tamén un erro teolóxico, falsamente atribuído a Santo Agostiño, segundo o que na Resurrección universal esta obra imperfecta que é a muller háse de perfeccionar, pasando tódalas mulleres ó sexo varonil. b) *Desde as cualidades atribuídas ós respectivos sexos*: ós homes atribúenselles a robusteza, a constancia e a prudencia; mentres que se consideran atributos das mulleres a fermosura, a docilidade e a sinxeleza. Tal situación, plantexada de forma contenciosa, non ten solución. «¿Quién pronunciará la sentencia en este pleyto?», pregunta Fejóo. As cualidades atribuídas ós homes, son tamén comúns ás mulleres. Da prudencia política e económica sobran exemplos históricos a favor das mulleres; mesmo respecto da fortaleza manifesta que esa prenda... «que los hombres consideran como inseparable de su sexo, yo convendré en que el Cielo los mejoró en esta parte en tercio y quinto; más no en que se les haya dado como mayorazgo, o vínculo indivisible, esento de toda partida con el otro sexo»<sup>57</sup>. c) *Desde o punto de vista relativo ó entendimento*: este é o punto máis conflictivo, e Fejóo maniféstase de xeito explícito: «Llegamos al batidero mayor, que es la cuestión del entendimiento, en la cual yo confieso, que si no me vale la razón, no tengo mucho recurso a la autoridad, porque los autores (salvando uno u otro muy raro) están a favor de la opinión del vulgo, que casi uniformes hablan del entendimiento de las mugeres con desprecio»<sup>58</sup>. E para ilustrar o argumento de autoridade reproduce un relato tomado do italiano Vincenzo Carducci na súa obra *Diálogos sobre la pintura*, 1633:

«Yendo de camino un hombre y un león, se les ocurrió disputar quienes eran más valientes, si los hombres, si los leones; cada un daba ventaja a su especie, hasta que llegando a una fuente de muy buena estructura, advirtió que en la coronación estaba figurado en mármol un hombre haciendo pedazos un león. Vuelto entonces a su contrincante en tono vencedor, como quién había hallado contre él un argumento concluyente, le dijo: Acabarás ya de desengañarte de que los hombres son mucho más valientes que los leones, pues allí ves gemir y oprimido, y rendir la vida de un león debaxo de los brazos de un hombre. Bello argumento, me traes (respondió riéndose el león): esa estatua otro hombre la hizo, y así no es mucho que la formase como le estaba bien a su especie. Yo te prometo que si un león la hubiera hecho, él hubiera vuelto la tortilla, y plantado al león sobre el hombre, haciendo gigote de él para su plato. Al caso, hombres fueron los que escribieron estos libros, en que se

<sup>57</sup> T. C., I, pp. 336, 340.

<sup>58</sup> *Ibid.*, p. 349.

condena por muy inferior al entendimiento de las mugeres. Si mugeres los hubieran escrito, nosotros quedaríamos debaxo. Y no faltó alguna que lo hizo; pues Lucrecia Marinella, docta veneciana, entre otras obras que compuso, una fue un libro con este título: *Excelencia de las mugeres, cotejada con los defectos y vicios de los hombres*, donde todo el asunto fue probar la preferencia de su sexo al nuestro»<sup>59</sup>.

A ilustración resulta ser suficientemente elocuente, e a conclusión feixoniana imponse de seu: «Estos discursos contra las mugeres son de hombres superficiales. Ven que por lo común no saben sino aquellos oficios caseros, a que están destinadas, y de aquí infieren (aún sin saber lo que infieren de aquí, pues no hacen sobre ello ningún acto reflejo) que no son capaces de otra cosa. El más corto lógico sabe, que de la carencia del acto a la carencia de la potencia no vale la ilación; y así, de que las mugeres no sepan más, no se infiere que no tengan talento para más»<sup>60</sup>.

Neste preciso sentido da argumentación, Malebranche amosa escasa capacidade lóxica ó lles conceder ás mulleres ventaxas sobre os homes na facultade de discernimento sobre as cousas sensibles, pero «... deixándolas muy abaxo para las ideas abstractas, pues aunque señala por razón de esto la blandura de su cerebro, estas causas físicas ya se sabe que cada uno las busca, y señala a su modo, despues que por la experiencia está, o se juzga asegurado de los sentidos»<sup>61</sup>.

Sigue o discurso feixoniano desmentindo as pretendidas argumentacións baseadas na inferioridade intelectual das mulleres, desde a desigualdade entitativa das almas racionais (que son todas iguais na súa perfección física, pasando pola distinta forma de organización ou volume do cerebro), ata as diferencias de temperamento, segundo o sexo. Despois de apelar á Historia que mostra os grupos de mulleres máis illustres destes últimos séculos («... ya es hora —afirma— de trocar las asperezas de la física por las amenidades de la historia...») en diversos países de Europa, e de forma comparativa, con exemplos sobresañtes de erudición nos diversos eidos da ciencia e da cultura, emite o seu veredicto final nos seguintes termos:

«Mi voto pues, es que no hay desigualdad en las capacidades de uno y otro sexo. Pero si para rebatir a importunos despreciadores de su aptitud para las ciencias, y Artes, quisieren pasar de su discurso a la ofensiva, pretendiendo por juego de disputa la superioridad respecto de los hombres, pueden usar de los argumentos propuestos arriba, donde de las mismas máximas físicas con que pretenden rebaxar la capacidad

<sup>59</sup> *Ibid.*, pp. 349-350. Vicente Carducci, pintor español de orixe italiana (1576-1638); foi Pintor de Cámara, un dos máis grandes pintores realistas do seiscentos; a súa obra está espallada por diversos sitios reais (igrexas e conventos de Madrid, Salamanca, Valencia, Granada, Córdoba). No seu libro *Diálogos sobre la pintura* expón a súa concepción da arte.

<sup>60</sup> T. C., I, p. 350.

<sup>61</sup> *Ibid.*, p. 351.

de las mugeres, mostramos que con más verosimilitud se infiere ser la suya superior a la nuestra... Pero a las mugeres les prevengo, que no les está bien dar mucha fe a Aristóteles; porque si en el lugar citado (*Historia de los animales*) las ennoblece con la superioridad en la perspicacia, poco más abaxo las envilece con el aumento de la malicia»<sup>62</sup>.

### 3.4.3. *Os debates na Sociedade Económica Matritense verbo da admisión das mulleres*

Temos indicado xa a confianza dos ilustrados na capacidade da razón e na forza transformadora da educación. Xustamente na falta de educación do sexo feminino radicaba o fundamento da defensa, nalgúns casos, da inferioridade das mulleres respecto ós homes, en relación ó entendemento. E preciso, non obstante, suliñar que a educación no programa destes ilustrados limitábase a aquelas ocupacións das mulleres relativas ás artes de fiados e tecidos e demais operacións necesarias para dirixir a economía doméstica, segundo a concepción tradicional da muller<sup>63</sup>.

Tendo en conta a dimensión/orientación pragmática do saber, a finalidade das Escolas da Matritense era triple: a formación moral e relixiosa, a consecución da felicidade e do benestar individual e colectivo, e a formación de tipo técnico-económico.

Pois ben, a parte da educación das mulleres e da educación popular, no seo da mesma Sociedade Económica Matritense, no ano da súa constitución (1775), vaise producir un apaixonado debate sobre a admisión das mulleres en dita Sociedade. Nunha primeira fase, inicia o debate unha Memoria de José Marín<sup>64</sup>, na que defendía o ingreso das mulleres na Sociedade. Memoria positiva, por canto —segundo Sempere y Guarinos— «... Hasta el reinado de Carlos III no se había visto en España ninguna asociación de mujeres autorizada por el gobierno, a excepción de las de los Monasterios, Congregaciones, Cofradías y otras tantas Juntas dirigidas únicamente a ciertos ejercicios de piedad y devoción». Marín defendía a súa admisión en calidade de asociadas, pero sen ter que asistir ás Xuntas. Ademais, as mulleres aceptadas deberían estar vinculadas ós membros (masculinos) da Sociedade en calidade de compañeiras, nais, fillas ou irmáns. E quedaban excluídas da obriga de teren que facer aportacións de tipo económico á Sociedade.

---

<sup>62</sup> *Ibid.*, pp. 384-385.

<sup>63</sup> Cfr. Reglamento de las Escuelas Patrióticas, en O. Negrín, *op. cit.*, pp. 107 ss.; e Memorias e consideracións sobre as mesmas Escolas de A. de la Quadra, Luis de Imbille, P. R. Campomanes e P. Sanz de Tejada (*Ibid.*, pp. 73 ss.).

<sup>64</sup> Cfr. textos das Memorias en O. Negrín, *op. cit.*, pp. 131 ss.

Días despois —no mesmo mes de novembro de 1775— Rodríguez Campomanes daba lectura a súa Memoria sobre a mesma cuestión. Remitíndose ás argumentacións precedentes de Marín, defendía que a educación é un dereito común ós dous sexos e que contribúe ó ben común. Difería de Marín no feito de que as mulleres si debían facer aportacións económicas á Sociedade; defendía a equiparación dos dous sexos no seo da Sociedade, se ben especificaba as actividades que son tipicamente femininas. No ano seguinte, Luis de Imbille volta a insistir no mesmo tema, reproducindo parte das argumentacións precedentes e optando por unha solución intermedia na cuestión da aportación económica ó distinguir tres tipos de socias: benfeitoras (que poden prestar axudas económicas), de mérito (consideradas así polas súas habilidades e traballos domésticos) e mestras/ou monitoras (as máis adiantadas nas súas labores).

Con estas tres memorias péchase a primeira fase do debate, sen que a Sociedade se pronunciara ó respecto. Pese a que Marín reitera a proposta de debate na Xunta no 1778, ata 1786 non se reabrirá o debate por parte da Xunta Xeral, xusto coas intervencións do Conde de Cabarrús e de Jovellanos, que defenden as súas respectivas Memorias. A posición negativa de Cabarrús, e os argumentos aducidos neste sentido encádranse dentro da concepción tradicional das mulleres: sempre e en todas partes foron excluídas das deliberacións políticas; o lugar propio e adecuado das mulleres austeras e respetadas está nas súas casas (traducción exacta do refrán «a muller e a sartén na casa están ben»); admitidas na Sociedade virían aquí a perder parte do tempo que lles sobra; sendo, ademais, necesario reducir o número de socios, con esta admisión incrementaríase. Con palabras textuais «... no podemos avenirmos entre hombres y llamamos a las mujeres...». No outro extremo (positivo) sitúase a Memoria de Jovellanos, pronunciada dous meses máis tarde. Jovellanos, como os defensores da primeira etapa, era partidario non só da admisión, senón tamén da participación —con certas limitacións— nas actividades da Sociedade. As mulleres que pretendían seren admitidas, facíanco desexo de seren instruídas para participar dun xeito organizado na beneficencia pública. Neste sentido, os homes poderíanlles facilitar nocións de patriotismo, virtude e talento; mentres que as damas incorporadas poderíanlles servir, como contrapartida, de modelo para as demais actividades e comportamentos. Pese a todo, as mulleres non asistirían ás Xuntas por modestia, e cooperarían, a distancia, nas tarefas da Sociedade; tarefas entre as que estaría a de se facer cargo das Escolas Populares, se ben Jovellanos era contrario á formación dunha Xunta «separada» de mulleres no seo da Matritense. Velaquí a conclusión:

«Concluyo, pues, diciendo que las Señoras deben ser admitidas con las mismas formalidades y derechos de los demás individuos; que no debe formarse de ellas

clase separada; que se debe recurrir a su consejo y a su auxilio en las materias de su sexo y celo, y talento y facultades de cada una; y, finalmente, que todo esto se debe acordar por acta formal»<sup>65</sup>.

Reservando para un apartado específico a intervención de Josefa Amar y Borbón, a última Memoria presentada foi a de Ignacio López de Ayala (dembro de 1786). Ayala comeza preguntando se as mulleres españolas —que equivalen á metade de España— teñen que permanecer inútiles como ata aquí. Son os homes os culpables da depravación do outro sexo, ó defender calorosamente unha autoridade inhumana, reducíndoas ó vicio. Amósase contrario a parte dos argumentos de Cabarrús e cre que a súa incorporación á Sociedade conlevaría unha rea de bens e de utilidades:

«... instruyendo a las mugeres, haciéndolas útiles en tantas artes mecánicas como pueden exactamente desempeñar, ganará la agricultura y otros oficios los brazos que ahora se emplean en aquellas. Se evitarán así los desórdenes de la ociosidad, porque el hombre hallará auxilio en la que ahora mira como carga; crecerá la población; habrá artes, habrá géneros y comercio español, se propagará la industria, se inclinarán los hombres que sólo sirven de peso a ocupaciones racionales y se utilizará España de la otra mitad de su población que por nuestro abandono atrasa ahora tanto, cuanto la otra mitad procura adelantar»<sup>66</sup>.

#### 3.4.4. De muller a mulleres. As memorias de J. Amar y Borbón

No mes de xullo de 1786 (dous meses antes da intervención de López de Ayala) presenta Amar y Borbón a súa Memoria sobre a educación das señoras na Sociedade; memoria publicada no *Memorial Literario* como *Discurso en defensa del talante de las mujeres y de su aptitud para el gobierno y otros cargos en que se emplean los hombres*. Nela realiza unha dobre denuncia: contra os homes —polo seu egoísmo, e por seren eles a causa da ignorancia das mulleres—, e contra a sociedade do seu tempo, pola súas contradicións e pola súa hipocresía<sup>67</sup>. En trinta e catro puntos vai desafiando distintos argumentos a prol da igualdade das mulleres, con exemplos tomados da Historia e mesmo de relatos das propias mulleres. Estima a defensa realizada por outros socios, e refuta os razoamentos daqueles que se opuña á entrada das mulleres na Sociedade. «De todos estos razonamientos se infiere necesariamente que si las mujeres tuvieran la misma educación que los hombres harían tanto más que estos.

---

<sup>65</sup> O. Negrín, *op. cit.*, p. 161.

<sup>66</sup> *Ibid.*, pp. 182-183.

<sup>67</sup> Josefa Amar y Borbón, *Discuso sobre la educación física y moral de las mujeres*, Madrid, Cátedra, 1994 (Introducción y notas de M<sup>a</sup> V. López-Cordón).

Pero, que diferente es una de la otra...». E conclúe o seu discurso: «... si las mujeres tienen la misma aptitud que los hombres para instruirse, si en todo tiempo han mostrado ser capaces de las ciencias, de la prudencia y del sigilo; si han tenido y tienen las virtudes sociales; si su aplicación puede ser conveniente a ellas mismas y al Estado...; si, en fin, se trata de hacerlas Amigas del País, lo cual sería en mucha utilidad de éste, con tales hipótesis, lejos de ser perjudicial la admisión de las mujeres, puede y debe ser conveniente»<sup>68</sup>.

A polémica foi tan soada que Carlos III rachou a cuestión, e deu entrada, con carácter excepcional, ás dúas primeiras mulleres, a Isidora Quintana de Guzmán e á Condesa de Benavente. Pouco despois (1787) unha Real Orde autorizaba a creación dunha Xunta de Damas no seo da Matritense, na que se inscribiron doce damas, entre as que figuraba Josefa Amar y Borbón. Ata 1800 entraron outras cincuenta e dúas damas. A partir destas datas de ingreso a posición social de Amar vai decaíndo (o seu marido xubíbase por enfermidade; o goberno dicta medidas restrictivas no campo do ensino; as mesmas Sociedades Económicas ven minguadas as súas capacidades de actuación...). Amar toma un tempo de reflexión e prepara a súa grande obra *Discurso sobre la educación física y moral de las mujeres* (1790).

O texto deste Discurso amósase, ás veces, un tanto contradictorio e mesmo complexo polas claves que utiliza; é un texto expresivo da preocupación pedagóxica daquel tempo; confía na capacidade transformadora da educación —aposta pola educación doméstica, fronte á conventual—; presenta un certo conformismo respecto ó matrimonio, e ofrece unha visión da sociedade bastante conformista e conservadora, ó refugar os conflitos e facer propostas de solución a longo prazo<sup>69</sup>. Pero, pese a dita visión conservadora, atópanse no seu pensamento elementos perturbadores, como a confianza nas mulleres para desenvolver calquer tipo de actividade intelectual, a confianza na capacidade transformadora da educación, e a clara conciencia de ser muller, igual e diferente do home.

Polo demais, o texto en si comprende un prólogo e dúas partes adicadas, respectivamente, á educación física e a educación moral. Interesa sobre todo indicar os principios e ideas rectoras que inspiran o prólogo: a importancia da educación, o escaso interese amosado na educación das mulleres; a igualdade dos homes e das mulleres; a falta de estímulo na educación das mulleres; mulleres ilustres e sobesaintes en talento e virtude (prudencia, moderación, discreción) maiores que as dos homes; competitivas en cultura e en multiplicidade de exercicios e clases; coidados e labores peculiares das mulleres, etc.

<sup>68</sup> O. Negrín, *op. cit.*, pp. 168, 175-176.

<sup>69</sup> M<sup>a</sup> V. López-Cordón, *op. cit.*, pp. 44-49.

### 3.5. A reivindicación seixana das mulleres

En páxinas precedentes adiantamos un símil hegeliano para introducir a reivindicación seixana das mulleres, partindo do estadio orixinario de paz e harmonía, pasando pola antítese representada pola inxuria (enténdase inxusticia), fundamentalmente da educación, para chegar á restitución/restauración, que coincide coa reivindicación das mulleres, que se propón como obxectivo o *Discurso Filosófico y Económico Político sobre la capacidad o incapacidad de las mujeres para las ciencias y para las artes...*<sup>70</sup>.

O *Discurso* articúlase en catorce artigos sen ningún tipo de epígrafes. Recoñece, na adicatoria ás Señoras —supónse da Matritense—, que moitos homes ilustres se teñen ocupado da defensa das mulleres (precisamente confesa que a orixe deste discurso débese a un debate entre homes de carreira), e pensa que posiblemente ningún deles tivese motivos tan racionais como él para se ocupar deste problema, se ben manifesta a cortedade da súa intelixencia para se aventurar nun tema tan delicado e merecente dos maiores respetos e sentimentos. Despois da adicatoria, e antes de expor o contido doctrinal do articulado, condensa o longo título inicial noutro máis simple: *Defensa de las mugeres*, que, por mor da claridade expositiva, analizaremos en tres aspectos: a) plantexamento da cuestión; b) fontes de inspiración; c) igualdade e diferenza, ou mellor, igualdade na diferenza.

#### a) Plantexamento da cuestión

Non se pode omitir ou pasar por alto a inxustiza histórica dos homes en relación ás mulleres; inxustiza que nalgúns insensatos se traduce na negación do seu talento e aptitudes para as ciencias e as artes; noutros casos, bébedos de sensibilidade, convírtenas en deusas materiais sen outra finalidade que a de perpetuar a súa sensualidade amorosa (quizais, apunta, foi Mahoma o xefe destes partidarios); unha terceira inxuria cométena aqueles que teñen humillado á natureza das mulleres, intentando submetelas á roca, á calceta e a agulla, e ó mecanismo interior da vida doméstica; finalmente unha cuarta inxuria estana a cometer aqueles que lles negan ata a capacidade espiritual. Aínda que Seixo non proporciona nomes, enténdense os posicionamentos —polo que levamos exposto— no contexto da problemática daqueles tempos.

#### b) Fontes de inspiración

«Quál sea el género de educación más propio para las mugeres, y cuáles sus límites en el estado social, son puntos de disputa, en que no están de acuerdo los políticos, ni los filósofos, ni tampoco los héroes o campeones de la religiosidad»<sup>71</sup>.

<sup>70</sup> Seixo, *Discurso ... sobre la capacidad o incapacidad de las mugeres...*, Madrid, I. Repullés, 1801.

<sup>71</sup> *Ibid.*, pp. 3-4.

O propio Seixo indica os vieiros de rastrexo. Entre os políticos menciona a Gaetano Filangieri (Nápoles, 1752-1788), que apoiou no seu día as reformas de Tannuci, Ministro na Administración da Xustiza con Carlos VII de Nápoles (logo Carlos III de España). Filangieri amósase discípulo de Rousseau e dos fisiócratas. Tódolos problemas económicos poden resolverse por medio da lexislación. Toma como exemplo a agricultura, que podería alimentar una poboación moito máis grande si se dese unha explotación máis racional da agricultura. Tivo influxo sobre os medios ilustrados europeos e tamén españois (caso claro en Seixo, sobre todo en temas agrarios). A obra de Filangieri, *La ciencia de la legislación*, traducida ó español, foi condenada pola Inquisición española.

Entre filósofos e científicos cita a Jean Astruc (1648-1776), médico e tratadista bíblico; a George Luis Leclercq Buffon (1707-1788), naturalista que, na súa obra *Histoire naturelle générale et particulière avec la Description du Cabinet du Roy*, insiste menos na diferenza entre o home e a muller que entre os homes de diferentes climas. Considera ó home desde un punto de vista naturalista, isto é, como un animal que sente, pensa, fala, como un ser dotado dun corpo material e dunha alma, que é o órgano do coñecemento. Corpo e alma constitúen, pois, unha unidade de organización que é a mesma ca da muller. Logo, home e muller desde o punto de vista da súa constitución non se diferencian<sup>72</sup>. William Buchan (1729-1805), médico británico, autor dunha obra titulada *Medicina doméstica*. Cita, asemade, a Sócrates, Platón, Aristóteles, J. Locke e a Joly de Saint Valier, autor deste dunha obra sobre *Educación física y moral de los dos sexos*, para a que Seixo tiña solicitada licenza de impresión e que pensaba adicar á raíña María Luisa<sup>73</sup>.

Finalmente, entre os herois ou campións das relixión (ademais de Mahoma) nomea a S. Pablo, Santo Agostiño, San Xerome e Santo Ambrosio, sen facer referencias expresas ós seus posicionamentos ó respecto.

c) Igualdade e diferenza, ou igualdade na diferenza

Unha lectura estruturada e estratificada do texto seixano permítenos establecer dúas columnas comparativas que, comezando coas referencias ós homes,

<sup>72</sup> «El célebre Conde de Buffón, discurriendo sobre la estructura y facciones de uno y otro sexo de la especie humana, dice que se halla en ellas tanta semejanza, y una conformidad tan singular, que es muy fácil juzgar que aquellas que exteriormente nos parecen tan diferentes, no son en realidad otra cosa que unos mismos órganos más o menos perfeccionados; pero los de la mujer son más delicados; y esto no agrada al hombre corrompido y engañado» (*Discurso...*, pp. 44-45. Cita a pé de páxina *Hist. Nat.* de Buffon, IV, p. 34, edición francesa).

<sup>73</sup> Non consta que fora publicada dita obra de Joly. Parece que Seixo se quedou na adicatoria e no prólogo. Sen embargo, é posible que a obra en cuestión lle servira a Seixo de fonte importante de inspiración para o seu *Discurso*. Temos localizada (no *Catalogue générale des livres Imprimés de la Bibliothèque Nationale*, T. LXXVII, París) a seguinte obra: Joli (sic) de St. Valier, *Traité sur l'éducation des deux sexes*, Londres, P. Elmsy, 1783, IV, 106 pp. Aínda que o título é algo distinto, e pese ás diferenzas de lugar e ano, podería tratarse da mesma obra.

e continuando coas referencias ás mulleres de xeito correlativo —e obviando as reiteracións e ambigüidades textuais— darían o seguinte cadro:

— *O home aparece como superior ás mulleres*: en canto xefe, cabeza de familia, fonte de toda autoridade; en canto ten dereito a reinar por natureza, «...pero la muger honesta, humilde, virtuosa, pone igualdad entre los dos sexos y hace que el gobierno pertenezca sin diferencia al uno y al otro»<sup>74</sup>. E superior tamén en canto cabeza e principio das mulleres, se ben volve a precisar «...sería restituida su antigua igualdad al primer estado; no habría diferencia entre ellos..., pero esto no podrá verificarse mientras que por medio de una nueva educación no se forme el corazón de los dos sexos con la leche de la virtud»<sup>75</sup>.

Superioridade, pois, do home, pero ambigua. Antigamente reinaba a igualdade. ¿A que tipo de igualdade se está a referir? ¿A dos sexos? ¿Trátase dunha reminiscencia do ser andrógino?... Non hai resposta no texto; si hai ambigüidade. O home, declara noutras pasaxes, é tamen superior en forza, maxestade e valor, pero, precisa decontado «... de la otra parte puso la hermosura, las gracias, las finuras, y el sentimiento más sublime ... ¿diremos que lo que es virtud en un sexo, es deformidad o defecto en el otro? No, porque estas diferencias de la naturaleza deben graduarse por su destino y por la educación»<sup>76</sup>.

— *O home aparece igual á muller*: iguais, aínda que distintos pola recepción de distintas funcións, «... mas siendo sus cuerpos formados quasi por un mismo modelo, y siendo semejante todo lo esencial de su arquitectura, ¿qué razón habrá en la naturaleza para establecer entre ellos una distinción de talentos, que no sea por una vanidad temeraria y por una ignorancia grosera?»<sup>77</sup>. Iguais nos dereitos naturais, que —partindo da inxustiza cometida— os homes teñen que restituír á natureza.— Iguais, pese a diferenza de sexos, respecto á forza, ó ánimo e á intelixencia. Igualdade de machos e femias, en orde á autoridade, pois os machos non teñen dereitos, nin autoridade sobre as femias da súa especie. Igualdade no matrimonio, que é un contrato baseado na igualdade, de tal xeito que ningún ten nin xurisdicción, nin dominio sobre o seu corpo, senón que: reciprocamente están apreixados entre si, coma cun certo lazo de servidume<sup>78</sup>.

Pola súa banda, na columna das mulleres, contando coas interferencias correlativas, rexístranse as seguintes referencias:

— *As mulleres son superiores ós homes*: na súa estrutura, que é máis sutil e máis sensible; porque posúen un alma máis finamente templada que a do home; porque son as transmisoras da especie humana; porque contribúen á

<sup>74</sup> *Discurso...*, pp. 161-162. Outra referencias, pp. 6-7, 11, 16, 150-151.

<sup>75</sup> *Ibid.*, pp. 162-163.

<sup>76</sup> *Ibid.*, pp. 16-17.

<sup>77</sup> *Ibid.*, pp. 48-49.

<sup>78</sup> Cfr. *Ibid.*, pp. 150-151.

millora da sociedade e das familias, á constituición e ó enriquecemento da patria; por seren o sexo escollido para dar a imaxe máis brillante da omnipotencia creadora, gloria e ornamento da terra; por posuír una imaxinación máis viva e unha maior capacidade de percepción; por seren a causa da cortesía e da urbanidade dos pobos civilizados; por constituiren polas súas virtudes a felicidade do xénero humano; por estaren dotadas dun alma na que reside unicamente a intelixencia da que xurden as nosas ideas e os principios das nosas accións; por estaren constituídas por menos materia (segundo Aristóteles, pero do que xa advertimos a súa ambigüidade ó expor a crítica de Feijóo) e, consecuentemente, «... supone unos órganos más finos y dispuestos para recibir las ciencias y aprovechar en las artes con menos trabajos y menos tiempo que los hombres»<sup>79</sup>.

— *As mulleres aparecen como inferiores ós homes*: en canto dotadas dunha estrutura máis delicada, sutil e sensible —o que constitúe un aspecto ambivalente—; en canto lle negan (algúns) a aptitude para as ciencias, ou se lles considera como deusas materiais, bébedas de sensibilidade e de sensualidade; en canto aparecen como menos fortes que os homes, se ben esto procede dun abuso para sometelas dun xeito tiránico, e tamén da educación recibida; en canto á mesma educación, na que se comete unha inxuria á natureza, inxuria que xenera unha desventaxa respecto ós homes, e que «procede necesariamente de la diferencia de educación», porque non se lles da a mesma educación que ós homes<sup>80</sup>.

— *As mulleres aparecen en igualdade cos homes*: porque non foron formadas a partir duna materia menos perfecta que a dos homes. «Sería —afirma— un gran absurdo pensar que el alma de las mugeres es de diferente naturaleza que la de los hombres, pues residiendo únicamente en ella toda la inteligencia de donde emanan nuestras ideas y los principios de las acciones, ¿por qué razón había de ser menos capaz que la de los hombres para aplicarse a las artes, a los estudios de la filosofía y distinguirse en ellos con igual, cuando no con más brillante suceso? Su cuerpo no es menos susceptible a los ejercicios de penosas fatigas que el del hombre, y la diferencia está en que no se las da la misma educación; pero, para excluirlas los hombres de la igualdad en lo físico y en lo moral, se alega vanamente la delicadeza de su temperamento»<sup>81</sup>.

Longa pasaxe que resume, con bastante precisión, a argumentación seixana ó respecto: as mulleres non son inferiores, senón que son iguais, tanto na orde física, coma intelectual, coma moral, ós homes; e representa o esquema da argumentación tripartita (lembramos a Feijóo) a prol da igualdade. Se existen diferencias —que existen—, éstas proveñen da educación. Pero a igualdade sigue

<sup>79</sup> *Ibid.*, p. 45. Outras pasaxes, pp. 6-8, 10-12, 23, 34-38, 41.

<sup>80</sup> *Ibid.*, pp. 1-3, 42, 49, 68.

<sup>81</sup> *Ibid.*, pp. 40-41.

reafirmándose tamén noutros aspectos: non hai diferenza de sexos no que respecta á forza, ó ánimo, á intelixencia, á industria; igualdade na fortaleza, na heroicidade e na abnegación (tal é o caso, exemplo de Libusa e Vlasta, dúas mulleres heroínas na historia de Bohemia)<sup>82</sup>. Son iguais na consecución da felicidade do Estado; felicidade que depende do reparto igualitario no número e cidadáns fortes e ben dispostos, dun e doutro sexo; son iguais ós home no libre albedrío, que as diferencia dos brutos; iguais no equilibrio en canto xurisdicción e dominio no matrimonio; iguais no reparto de funcións: a elas correspóndelles o restablecemento da abundancia, da paz e da orde, mentres que os homes invirten o seu tempo en traballar para o ben da república; ¿iguais tamén en certos mesteres eclesiásticos? (Estámonos a referir á posibilidade de poder exercer funcións sacerdotais). A resposta de Seixo non é clara e deixa o asunto sen resolver: as mulleres, se ben están excluídas non só polas costumes e polos lexisladores eclesiásticos e civís, senón tamén polo Apóstolo e polos sagrados Cánones; se ben é certo todo iso, tamén é certo que o Concilio Cartaginense Cuarto concedeu ás diaconisas o poder de predicar en casos particulares. Pero Seixo non compromete a súa opinión: «Yo no hago su apología en esta parte, ni me empeño en promover su utilidad para el púlpito, ni para el mando por una vocación extraordinaria, pero entiendo que es una injusticia y un objeto digno de corrección el que hayan de vivir sepultadas, y en el concepto de que son incapaces para todo ejercicio que no sea familiar»<sup>83</sup>.

En definitiva, Seixo conclúe: «Hombres, dengaños, la muger es igual a vosotros; su organización más fina y delicada, engendra tales sentimientos; su destino la saca fuera de los ejercicios racionales, pero no la excluye en absoluto de ellos; y esto mismo la hace más dulce, más bella, más hechicera y encantadora para el hombre virtuoso y de buenos sentimientos».

Así remata a defensa seixana das mulleres; defensa intencionada na que o resultado final amosa ventaxas e desventaxas, igualdade e diferenza. Certo que o discurso seixano non está exento das ambigüidades que tamén ocorren noutros discursos semellantes. Numerosas pasaxes citadas manifestan claramente as ambivalencias deste discurso. Certo tamén, que Seixo non é un feminista, pero pola mesma razón tampouco é un machista. As pasaxes das que se poidera tirar unha concepción da muller-obxecto<sup>84</sup> é preciso non sacalas do seu contexto. A

<sup>82</sup> *Ibid.*, pp. 105-118.

<sup>83</sup> *Ibid.*, pp. 91-93.

<sup>84</sup> Entre eles, p. e., éste: «Las mugeres son las que dulcifican la aspereza y ferocidad del sexo fuerte... Las mugeres son la fuente inagotable de nuestros placeres..., son el más grande placer de la especie humana..., y sólo por comparación a ellas, saben los hombres el valor y el aprecio de los demás placeres subalternos; las mugeres nos hechizan y sacan fuera de nosotros todos nuestros males con sólo decir que nos quieren, ¿un suspiro de una mujer no ha hecho la felicidad de muchos hombres?... (*Discurso...*, pp. 77-78).

muller non é só un obxecto de placer. Son a perfidia e a arrogancia masculinas as que a corrompen, enseñándoas a seren astutas, disimuladas e infieis. E dicir, é a inxuria (da educación recibida, das leis, das costumes, dos prexuízos sociais, etc.) a que frustra as cualidades naturais e específicas das mulleres. Xusto neste contexto xurde o discurso seixano, que pretende como obxectivo fundamental, e por medio dunha educación adecuada, restituir á natureza os dereitos que lle foron roubados «á metade máis fermosa do xénero humano».

Comparativamente, no ámbito dos filósofos ilustrados que se ocuparon das mulleres, a obra seixana amosa os seguintes caracteres:

— Primeiro: a coincidencia coas preocupacións fundamentais do pensamento ilustrado —verbo das mulleres—, reflectidas nos debates da época: de pensar a igualdade das mulleres (física, intelectual e moral), pero unha igualdade defendida e expresada na diferenza. E dicir, Seixo defende a igualdade na diferenza.

— Segundo: dentro da diferenza, Seixo asígnalles ás mulleres os seus roles específicos (ser femia, propagadora da especie humana, en definitiva, nai). Funcións que lles corresponden precisamente en virtude da diferenza sexual, ou por razón de sexo.

— Terceiro: non reivindica un *status* político para as mulleres. Se ben non as exclúe da res-pública, esta tarefa está reservada ós homes.

— Cuarto: en diversas pasaxes amosa a necesidade dunha educación axeitada para acadar a igualdade (sempre na diferenza) nos aspectos físicos, intelectuais e morais.

— Quinto: pero non precisa ou concreta qué tipo de educación hai que lles dar ás mulleres. Case o remate do seu discurso confesa: «Cuál sea la educación que deberá dárselas es lo único que está por indicar. Los planes que delineó Mr. Joly, viajando por Europa con el fin de educar a sus hijos de ambos sexos, serán los que presentaré al público, pues ya están aprobados, y tienen el sello de las correspondientes licencias para su impresión»<sup>85</sup>.

Como non puidemos comprobar se a obra de Joly foi realmente impresa, quedamos sen saber cales eran as propostas concretas de Seixo ó respecto. Non obstante, una cousa si se pode afirmar: que o pensamento seixano, neste punto concreto, vai bastante máis alá das simples «ocupacións femininas» propostas por Campomanes no seu *Discurso sobre la educación popular*; ocupacións que coinciden coas establecidas para as Escolas Patrióticas<sup>86</sup>. Así, a resposta ó longo título da obra de Seixo sería positiva en cada unha das súas partes ou aspectos:

— Si, que as mulleres teñen capacidade natural para as ciencias e para as artes.

<sup>85</sup> Non consta que esas normas-planos de Mr. Joly foran realmente traducidos, alomenos na súa integridade.

<sup>86</sup> Cfr. R. Campomanes, *Memoria sobre el establecimiento de las Escuelas Patrióticas*, en O. Negri, *op. cit.*, pp. 92-97.

— Si, que a teñen, e por mor da súa constitución, pola súa potencia intelectual, e pola súa organización social.

— Si, a que as mulleres deben ter outras ocupacións que as da roca, a calceta e a agulla.

De todas maneiras, a defensa seixana das mulleres non supera (máis ben se encadra nel) o veredicto que Úrsula Pía Jauch emite sobre os discursos masculinos relativos ás mulleres nos tempos da Ilustración:

«Yo creo que el discurso de la virtud del siglo XVIII es en lo esencial un enorme intento de someter al ser femenino bajo un catálogo de virtud establecido por legisladores masculinos, una especie de prueba de obediencia de la época para el conjunto de las mujeres, un 'test' de su disponibilidad moral a ser subordinadas»<sup>87</sup>.

#### 4. Seixo e Galicia

O currículo de Vicente do Seixo, desde un punto de vista obxectivo, presenta como referente cáseque exclusivo o marco e o ambiente da Sociedade Económica Matritense. A súa aparición pública, a información, as polémicas e o impacto da súa obra están sempre enmarcadas nese ámbito concreto. Non obstante, Seixo mantén determinadas vinculacións coa terra que o veu nacer. Por exemplo, cando nas *Lecciones Prácticas de Agricultura* fala dos coidados das terras dedicadas ó cultivo do centeo; das terras húmidas e pobres por falta de esterco, que obrigan a pospor a época da sementeira; das ventaxas do «barbecho», etc., parece que está a pensar —sen citala expresamente— en Galicia. Nas mesmas *Lecciones* (II, L. 3) fai referencia expresa ás ventaxas que se derivarían en beneficio do propietario e do arrendador se os contratos se fixeran por vinte ou máis anos, ou se as terras se concederan en aforo, como acontece en Galicia ou nalgunha outra provincia. (Advírtase que Seixo só se plantexa a cuestión da maior ou menor rentabilidade da terra; non o problema social da reforma agraria, derivada do sistema de arrendamentos e de aforos). Na Lección 12 deste mesmo volume cita a medida da «fanega», con referencia a Galicia, Castela e Aragón. En Galicia a fanega é unha medida imaxinaria polas variacións que experimenta dunha provincias a outras.

En relación a mesma medida e para uniformala, no tomo cuarto, recolle unha representación ó Tribunal Supremo de D. Manuel Acuña y Malvar —coengo de tendencia liberal da catedral de Santiago— sobre as distintas medidas de trigo, centeo e millo, para que en tódalas capitais e pobos do Reyno de Galicia se observe a medida de Ávila (tanto na compra e venda de toda clase de graos e sementes, como nos pagamentos de rendas ós señores).

---

<sup>87</sup> Úrsula Pía Jauch, *Filosofía de Damas y moral masculina*, Alianza Ed., Madrid, 1995, p. 132.

Fai referencia explícita, asemade, a Galicia na adicatoria do volume V das mesmas *Lecciones* —no que se ocupa da agricultura das viñas—; adicatoria mesmo poética: «A la Patria, a mis conciudadados; a los habitantes de las márgenes del Miño; a los que cultivando sus collados y oteros, los pueblan de sarmientos o vides, que aumentan sus pámpanos por las deliciosas riberas de Orense. Labradores que habitais los márgenes bañados por las grandes inundaciones del caudaloso Miño...». Adicatoria que, ademais de conter un canto poético e bucólico á paisaxe ribeirán das terras que o viron nacer, procura tamén a benevolencia e boa acollida desta obra por parte dos seus concidadáns: «... si obráis por los principios que os propongo, y trabajáis en la práctica para observarlos, os aseguro que sereis más venturosos en los bienes de la vida, y que lloverá sobre vuestras familias rocío del cielo para mantenerlas...». E, ó se referir ás clases de viños, segundo a nominación dos terreos nos que se cultivan, menciona ós do Ribeiro de Avia, entre os de Rueda, Yespes, Valdepeñas e Rota.

No *Compendio de observaciones que forman el plano de un viaje Político y Filosófico...*, ó relatar as riquezas de España, introduce un apartado relativo ás minas existentes en Galicia, Asturias e Portugal, e afirma: «Los romanos mismos (según testimonio de Plinio) sacaron caudales inmensos de las minas que descubrieron a las orillas del Miño... En Galicia hay colinas arenosas cargadas de granos de oro, y causan admiración los prodigiosos trabajos que los romanos hacían para juntar las arenas, labarlas y sacar el oro... En los estados del duque de Alba, junto a Moterrey, en Galicia, hay una mina de estaño tan rica como la de Cornualles en Inglaterra...»<sup>88</sup>.

Estas, e non outras, son as referencias de Seixo a Galicia; referencias sempre descritivas e —no millor dos casos— con propósitos educativos, típicos dunhas Leccións detinadas a ensinar. Non se atopan, como temos indicado, platexamentos face unha reforma agraria, ou elementos de crítica social. Seixo cómpórtase como un mestre (a relación pedagóxica pai-fillo), que imparte leccións de tipo técnico-práctico. Neste sentido, a análise das causas da decadencia e do atraso da agricultura resulta ser tamén unha análise técnica. Por todo elo, a diferencia da maioría dos ilustrados galegos, Seixo amósase aséptico fronte á necesidade dunha reforma agraria. Quizais a lonxanía —non temos constancia nin das súas viaxes, nin das súas estadías en Galicia—, desde o seu asentamento en Madrid, lle impedía percibir a sensibilidade social que viña pedindo unha reforma da propiedade da terra. E neste caso concreto de Galicia, o problema dos foros era un mal endémico, que viña sendo denunciado, e que precisaba algún tipo de reforma urxente. Neste sentido, as propostas e tendencias foron diversas: a abolicionista —a máis avanzada— que pretendía eliminar o sistema dos foros, facendo coincidir a propiedade da terra co seu cultivo (Lucas Labrada,

<sup>88</sup> *Compendio de observaciones...*, pp. 24-26.

Pedro Antonio Sánchez, Marcelino Pereyra, Suárez Freyre, Raimundo Ibáñez...); a reformista, que pretendía racionalizar o sistema productivo e de reparto para aliviar a situación das camadas agrarias (aquí estarían os membros da Academia de Agricultura, con sede na Coruña, Cornide Saavedra, Somoza de Monsorú, Cónsul Jove e Vicente do Seixo). Pero Seixo sería o menos reformista de todos, por canto o incremento da produtividade agrícola —que suporía a millora ou benestar dos arrendatarios e labregos— consistiría no aumento da superficie cultivable. Nunha situación intermedia sitúase Francisco de Castro, que se ben critica cruamente a estrutura do vello orde feudal, non deseña o novo orde que o debe substituír<sup>89</sup>.

En definitiva, e para concluír, Vicente do Seixo móvese no ambiente problemático da Sociedade Económica Matritense (de Campomanes, Jovellanos, Cabarrús, Olavide, e demais socios). Non embargantes, a súa participación na xestión pública, e mesmo as súas vicisitudes persoais, non acadaron igual difusión e popularidade. No que atinxe ó seu pensamento, temos sinalado na presentación da súa figura que foi, non un creador orixinal, senón un divulgador e recopilador, moi limitado ademais na perspectiva da reforma agro-social —problema agrario, desamortización—. No cadro xeral do proxecto ilustrado, presenta insuficiencias, limitacións e contradicións internas polo seu carácter utópico, pola ausencia de propostas realmente reformistas, pola crítica de abusos —máis non de sistemas—, polo respecto e mesmo reverencia ós poderes constituídos do Altar e do Trono.

Non embargantes, mención especial merecen a súa concepción tecnoprágmatca e utilitaria do saber, o seu concepto de filosofía e do filósofo viaxeiro, e o seu posicionamento en relación á reivindicación das mulleres e da súa educación. Neste aspecto, o seu discurso —sen se saír do marco dezaoitescos do discurso masculino sobre a muller como obxecto— ofrece algunhas connotacións específicas que o sitúan —pese a certas ambigüidades de linguaxe— na dialéctica das concepcións máis avanzadas sobre as mulleres, a notable diferenza doutros ilustrados.

Ata aquí, pois, as luces e as sombras que configuran a dimensión persoal e plural de Vicente do Seixo que, posiblemente, gustara de ser designado como observador da natureza, viaxeiro político e filosófico.

---

<sup>89</sup> F. Dopico, «Ilustración», en *Gran Enciclopedia Galega*, Vol. 17, 1984, pp. 233-237. Idem, *A Ilustración e a Sociedade Galega. A visión de Galicia nos economistas ilustrados*, Vigo, Galaxia, 1978. E nunha perspectiva global para o problema agrario, R. Villares, *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Madrid, Siglo XXI, 1982.